

## cultura

Lugo xa ten cartel para as Festas de San Froilán e o San Froilán Miúdo. **Pax. 2**

## sociedade

Unha trintena de empresas locais intégranse no programa DiGalicia. **Pax. 13**

## zona rural

Veciños da parroquia de Coeses reclaman ao Concello un permiso de fai un ano. **Pax. 14**

## infraestruturas

O Mitma reconstruirá as dúas plataformas do viaduto do Castro simultaneamente. **Pax. 17**

## deportes

As copas Deputación da base foron para o Piringalla, o Residencia e o Polvorín. **Pax. 30**

# Impulso cultural en Lugo

A programación de verán refórzase con propostas ao aire libre como Muralleando ou Versos na Barraca, aptos para todas as idades



## Novos sinais chegan ás vidas dos condutores

A Dirección Xeral de Tráfico introduce sinalización nova e actualiza e elimina outra. **Pax. 18-19**

## Constituída a Corporación provincial

José Tomé presidirá a Deputación, logo da toma de posesión dos novos membros do Goberno. **Pax. 21**

## Un verán de festa en festa pola provincia

As localidades das comarcas programan estes meses citas culturais, históricas e musicais. **Pax. 22-23**

## Novo Goberno



Méndez e Arroxo firmaron un convenio para dirixir o Concello de novo. **Pax. 10**

## Gramola Gominola



Unha banda de música de Lugo dirixida ao público máis cativo. **Pax. 7**

## CD Lugo feminino



Entrevista á capitana do equipo, ascendido este ano á competición estatal. **Pax. 31**

  
**Salvatierra**  
ABOGADOS

CONCIERTE CITA Y CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO

Tel.: 982 227 783 • San Roque, 14-20. Entlo. izda. - LUGO

TAMBIÉN ON-LINE

salvatierraabogados@salvatierra-abogados.es

Despacho en: FOZ • VIVEIRO • LUGO

Reclama de forma gratuita los gastos de tu hipoteca  
**¡100% GRATUITO, SIN COSTES!**

### ¿Quién puede reclamarlos?

Todo aquel que tenga o haya tenido un préstamo hipotecario. Tanto si su hipoteca está activa, como si ya ha vendido su casa o si ha realizado renovaciones sobre el préstamo inicial.

### ¿Qué se necesita?

Tan solo se necesita aportar los siguientes documentos de gastos:

1. Factura de la NOTARÍA correspondiente a la Escritura de Préstamo Hipotecario.
2. Gastos de TASACIÓN de la vivienda.
3. Factura del REGISTRO DE LA PROPIEDAD por la inscripción de la Hipoteca.
4. Gastos de GESTORÍA, siempre que se haya impuesto por parte del banco.

## A Ara Votiva de Curbián, no Museo Catedralicio

Nun acto oficial da Diocese de Lugo, incorporouse a ara votiva de Curbián (Palas de Rei) á exposición permanente do museo Diocesano e Catedralicio de Lugo. A ara está datada no século II d. C e ten a inscrición "A Bandua Boleccus, Sulpicius Sincerus Cumpriu de bo grado o voto que fixera".

Na presentación, o deán da Catedral e Vicario Xeral da diocese, don Mario Vázquez lembrou que "ao elenco de pezas máis relucentes do valioso patrimonio que ten a diocese de Lugo únese a Ara Votiva de San Martiño de Curbián, completando un catálogo de pezas previas á Idade Media dos máis completos das entidades

museísticas que ostenta Galicia". Pola súa banda, Uxía Aguiar, da empresa Parteluz, relatou a historia da restauración lembrando que "realizáronse unha serie de ensaios científicos que pasaban polo estudo dos elementos de deterioro, e tomáronse mostras para levar ao laboratorio e caracterizar a través de infravermellos que tipo de pátinas estaban traballando sobre a superficie".

O director do departamento de Patrimonio Histórico Artístico da Diocese de Lugo, Jesús Salvador, comentou que "a relevancia histórica desta peza esixía un paso máis na súa conservación e tamén na súa difusión". Clausurou o acto o Bispo, Alfonso Carrasco.

## Lugo xa ten carteis anunciadores das festas do San Froilán

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, recibiu no concello a Miguel Fernández Vázquez, ilustrador e autor de banda deseñada; Shara Martínez Fernández, ilustradora e profesora da Escola de Arte Antonio Faílde de Ourense, e Eva Valle Legido, profesora de deseño de interiores, representante da Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, que conformaron o xurado que escolleu o cartaz da edición 2023 do San Froilán e do San Froilán Miúdo. Maite Ferreiro explicou que "desde o Goberno de Lugo traballamos nunha nova edición do San Froilán, a gran festa do outono galego, que repetirá os éxitos dos últimos anos".



O xurado escolleu o deseño Home-naxe entre 56 participantes para o San Froilán e Sube ao tren do San Froilán como gañador entre os 4 posibles representantes do San Froilán Miúdo. O autor do cartaz gañador

do San Froilán, Jordi Sabat Ortiz recibirá un premio de 2.000€, mentres que a gañadora do miúdo, Mara de Manuel Cerezal, de 10 anos recibirá material de pintura e debuxo valorado en 300€.

## O IES Muralla lidera a formación de FP en asistencia á dirección

O IES Muralla Romana continúa ofertando para o próximo curso escolar o Ciclo de Grao Superior de Asistencia á Dirección, no que é xa un referente. Este ciclo prepara ao alumnado para administrar sistemas de información e arquivo; adquirir competencia oral e escrita en inglés e francés; realizar tarefas básicas de administración nas áreas comercial, contable, financeira e fiscal da empresa; xestionar e organizar eventos; elaborar documentación e presentacións profesionais, e xestionar e controlar a documentación confidencial.

Con esta formación, as súas saídas laborais son moi amplas e lle permiten ao alumno orientarse a postos de traballo como administrativo, asistente de dirección ou de calquera departamento dunha empresa

pública ou privada.

O Ciclo Superior de Asistencia á Dirección permite tamén o acceso a estudos universitarios de grao, con validación parcial de créditos de libre configuración.

Ademais, permite acceder directamente ao segundo ano do grao tamén superior de Administración e Finanzas, tendo así a posibilidade de obter dúas titulacións en tres anos.

O perfil de asistente de dirección, dentro da familia de Administración e Xestión son moi demandados tanto en calquera peme como en empresas de maior tamaño, pois son un pilar fundamental dentro de calquera empresa, converténdose nun posto con moito futuro laboral.

Dentro desta familia de formación, o

centro imparte tamén o grao medio de Xestión Administrativa.

Así mesmo o centro é especialista en formación informática cos ciclos superiores de Administración de sistemas informáticos en rede ou o de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma, os dous de grao superior e o último tamén en formación dual. Tamén conta cun grao medio en Sistemas Microinformáticos e Redes e o básico de Informática de oficina.

Así mesmo, o centro ten unha liña de formación en Peiteado e Estética na súa formación básica e tamén en media cos ciclos de Estética e Beleza e Peiteado e Cosmética Capilar. Complétase tamén cos superiores de Asesoría e imaxe persoal e corporativa e Estética integral e benestar.



**PILAS.** O instituto lucense foi o gañador do concurso escolar Pilabot para a recollida de pilas, baterías usadas e acumuladores, que este curso celebrou en Galicia a súa cuarta edición e no marco do cal se recompilaron máis de 46 toneladas —46.649 kg— deste tipo de residuos.

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, Sagrario Pérez, participou no acto oficial de entrega de premios, que congregou no Museo Pedagóxico de Galicia a un cento de asisten-

tes, entre os que se atopaba profesorado, alumnado e familias dos catro centros escolares galegos que lograron as mellores cifras de recollida no marco desta cuarta edición do concurso.

En canto aos centros premiados, o IES Muralla levou o primeiro posto en termos absolutos, ao recoller máis de 4,6 toneladas de pilas nas —en concreto, 4.654,45 kg—. Pola súa banda, o Colexio Plurilingüe Divina Pastora M.M. Franciscanas, de Ourense, foi segundo.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet  
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA  
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos  
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”



APROVECHA LA OPORTUNIDAD  
SOLO HASTA FIN DE EXISTENCIAS

+ 3.000 m<sup>2</sup> AZULEJOS  
PORCELÁNICOS 6€ + IVA

SÓTANO OUTLET 681 19 36 05 - 982 30 46 00 CONTURIZ - LUGO www.sotano.es

# Tempo de actividades ao aire libre

Regresan á programación de verán os ciclos Tarde e Tardiña, Versos na Barraca ou Muralleando, ademais doutras ofertas

Cultura, Turismo e Promoción presentou unha nova edición do ciclo de espectáculos para público infantil e familiar Tarde e Tardiña, xunto coa programación para público adulto Versos na Barraca. “Trátase dunha serie de espectáculos de música, teatro e narración oral que se poderán desfrutar nas prazas do centro de Lugo durante as tardes dos xoves”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “cada día terá lugar un espectáculo para público familiar ás 18.00 horas na praza Anxo Fernández Gómez, e unha actividade para público adulto ás 20.00 horas na praza da Mosqueira”.

Tarde e Tardiña comezou o 6 de xullo, e incluírá destacadas propostas da escena galega, estatal e internacional que mesturan o teatro de rúa, a música ou o circense. As catro noites de Versos na Barraca (xoves 6, 13, 20 e 27 de xullo) serán presentadas polo director artístico, Lois Pérez, canda The Tarracos, formación musical do ciclo liderada por Luis Monsalve.

O 13 de xullo continuará o espectáculo con Distans de Vol'e Temps (para todos os públicos, 50 minutos), espectáculo de circo, premio Paca a mellor Dirección, mellor Posta en Escena e mellor Artista Masculino.

O día 20 de xullo será *Up!!!* De Xabi Larrea, un espectáculo que toma o humor como base de partida, onde o absurdo, a comedia e a excentricidade toman un rol decisivo á hora de mostrar as diferentes habilidades dun personaxe apaixonado, irónico e cheo de enerxía.

Finalmente, o 27 virá outro circo *Home*, de Cia Cris-is

**ADULTOS.** Para o público adulto a seguinte citar será o 13 de xullo con *Ouveos cando pasa a libélula*,



*Lupercalis.* Voces diferentes, singulares, orixinais, Voces diferentes, singulares, orixinais, complementarias ou non, unidas pola amizade e o proxecto poético que lles dá nome, cultivando a arte do encontro. A palabra.

O será a vez de *A cinco que escin-*



*tila na terra*, con Anxo Angueira e Berlai. Rematarán con *Descunchar o que non ten nome*, Branca Novoneyra e Ismael Ramos.



**MURALLEANDO.** Tamén está en marcha a cuarta edición do ciclo de concertos Muralleando, que abrirá a Praza da Mosqueira ás distintas agrupacións musicais de Lugo. En total, 20 agrupacións mostrarán a súa música con concertos gratuítos que terán lugar os venres e sábados, a

partir das 20.30, entre o 30 de xuño e o 2 de setembro.

Maite Ferreiro lembrou que “os concertos do Muralleando apareceron xusto despois do confinamento, no ano 2020, co obxectivo de animar con música os distintos paseos das veciñas e veciños ao redor da Ronda da Muralla e ao mesmo tempo colaborando co tecido cultural local, que vira anulados moitos eventos”, e afirmou que “tres anos despois xa está consolidado como unha das actividades culturais máis importantes para os meses de verán, converténdose no punto de encontro das agrupacións locais, mantendo a Muralla como protagonista ao celebrarse na Praza da Mosqueira, un dos espazos máis importantes na programación cultural”. Ferreiro destacou que a nova praza da Mosqueira “permite organizar actividades culturais e de ocio respectando a visión da gran concentración de patrimonio que hai nesta zona”, en referencia á propia Mosqueira e ao edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira.

## Actividades nos museos provinciais

A Rede Museística Provincial de Lugo desenvolverá durante os meses de xullo e agosto unha variada axenda de obradoiros creativos e propostas didácticas pensadas fundamentalmente para nenas e nenos de distintas idades.

Baixo o epígrafe Museos, arte e benestar, os catro museos da rede – Museo de Lugo, o Museo do Mar de San Cibrao, San Paio de Narla e o Pazo de Tor- acollerán actividades orientadas a propiciar a creación e a convivencia e a divulgar e transmitir a cultura e a historia do país a través das coleccións e fondos dos museos.



Talleres guiados polo pintor Alberto Pena que invitará a nenas e nenos a crear as súas propias obras a partir das pinturas e pezas do Museo Provincial de Lugo, a elaboración dun mural colectivo con materiais de refugallo recollidos nas praias coa participación do artista Martín Lestao ou obradoiros de expresión corporal e artes escénicas coa pedagoga e actriz Stephanie Cubides Martínez son algunhas das propostas destacadas desta axenda, que inclúe tamén diferentes xogos e propostas lúdicas para afondar no coñecemento dos museos.

Na presentación das actividades

coa xerente da Rede Museística Provincial Encarna Lago e a directora do Museo Provincial de Lugo Aurelia Balseiro, a vicepresidenta da Deputación de Lugo Maite Ferreiro sinalou que “esta programación reforza o coñecemento e a vinculación da cidadanía cos museos, desde as primeiras idades, esperando o interese polo patrimonio e pola creación artística”. Tamén sinalou que “contribúen a ampliar a oferta cultural e lúdica, especialmente para as primeiras idades nos concellos nos que se ubican os distintos museos durante os meses de verán.

**NOVAS MÚSICAS.** Presentouse o ciclo Novas Músicas, un programa de concertos que aposta por propostas musicais innovadoras e rupturistas. Organizado por Teleclub coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, o ciclo presta especial atención á ubicación dos concertos, procurando introducir a música en espazos culturais que enriquezan a experiencia sonora.

A chilena Isadora O’Ryan, a banda portuguesa Sereias e o músico valenciano Jordi Sapena forman o cartel desta nova edición do ciclo, que se celebrará do 26 ao 28 de xullo e que terá como escenarios os xardíns do Pazo de San Marcos e do Museo de Lugo e a Sala de Exposicións do Centro de Artesanía e Deseño.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

## EN BREVE

**ARQUIVO HISTÓRICO.** O Arquivo Histórico Provincial de Lugo abriu a exposición *A cidade e as xentes. Lugo 1070-1975*, coa que a Xunta de Galicia pon en valor os fondos documentais que custodia o arquivo e que permiten amosar a evolución da cidade de Lugo e os seus veciños. A mostra está situada na sala polivalente do Arquivo e poderá visitarse ata o 31 de decembro.

**EXPOSICIÓN.** A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolle a presentación da mostra *Corpo Permeable, Corpo Insubstituíble* da pintora lucense, Gema López. A mostra, que poderá visitarse ata o 25 de agosto, recolle unha trintena de obras realizadas pola artista desde o 2019.

**EXCURSIÓNS.** A Festa do Polbo de Mugaridos, a da Pescada do Pincho de Celeiro, a do Bonito de Burela, a Queimada Popular de Cervo e a Feira Franca de Pontevedra son os cinco destinos que a área de Benestar Social propón á cidadanía lucense para gozar das fines de semana do verán con excursións que terán lugar os sábados alternos, dende o 8 de xullo e ate o 2 de setembro, sendo a Praza de Bretaña o seu punto de partida e de chegada (e 9.00 a 21.00 horas).

**XUVENTUDE.** O Servizo de Prevención de Drogodependencias pon en marcha a actividade AventuraLézate, que ten como vocación ofrecer unha alternativa de ocio vinculada á natureza dende o punto de vista da experimentación, o aprendizaxe e a adquisición de recursos e habilidades, vinculada ao Bushcraft que propicia o desenvolvemento de coñecementos para sobrevivir e prosperar no medio natural. De carácter gratuíto, será impartida por profesionais con ampla experiencia na materia e celebrarase os sábados 8 e 22 de xullo e o 5 de agosto, en horario de 10.00 a 18.00 horas. Está dirixida á rapazada de entre 14 e 35 anos.

## Organizan obradoiros infantís na programación Capital da Cultura

O Concello organiza durante este mes de xullo obradoiros infantís gratuítos de viñetas e microrelatos dentro da programación da Capital da Cultura do Eixo Atlántico, co obxectivo de achegar ás familias lucenses unha proposta lúdica e de apoio á conciliación. En total serán tres obradoiros, o primeiro dos cales deu comezo este luns. Así, celebraranse do 10 ao 12 de xullo, no Paco Martín (10-12 anos); e do 17 ao 19 de xullo, na Casa da Xuventude (14-16 anos). Todos serán en horario de 11.00 a 13.00 horas.

A través da escritura de microrrelatos e o deseño de viñetas, os mozos e mozas participantes aportarán a súa visión particular sobre as cidades e vilas do Eixo Atlántico, fomentando o intercambio de perspectivas e técnicas. Para cada actividade haberá dispoñibles 8 prazas. As



inscricións atópanse abertas en: [alcaldia@lugocapitaldacultura.com](mailto:alcaldia@lugocapitaldacultura.com)

**CULTURA NO RÍO.** Por outra banda, a rexedora anunciou a celebración, todos os martes de xullo ás 19.30 horas, de actuacións para o público familiar, con acceso libre, na zona de baño do río Miño. Toda a información sobre esta actividade e o resto da programación da Capital da Cultura do Eixo Atlántico pode consultarse na súa web.

## Comezaron as visitas guiadas á Domus do Mitreo os sábados

O programa 'O Verán na Domus', promovido polo Museo Universitario A Domus do Mitreo organiza visitas guiadas interactivas para coñecer algúns dos segredos do xacemento arqueolóxico todos os sábados do mes de xullo. A participación nesta actividade lúdica, que se desenvolverá os días 1, 8, 15, 22 e 29 de xullo, a partir das 11.30 horas, é gratuíta co prezo da entrada.

As persoas interesadas nesta iniciativa deben formalizar a súa reserva previa a través do número de teléfono

no 610 323 926 ou ben no enderezo de correo electrónico [museomitreo.lugo@fundacionusc.gal](mailto:museomitreo.lugo@fundacionusc.gal).

As visitas guiadas interactivas buscan converter ao visitante en protagonista. Así, ao longo dun percorrido de pouco máis de media hora de duración, as persoas inscritas para tomar parte nesta actividade poderán responder a un breve cuestionario sobre aspectos singulares que se poden observar nas instalacións do propio enclave arqueolóxico musealizado.

## Convocan actividades no Centro Terras do Miño

A Deputación organizou novas actividades gratuítas para este verán que buscan fomentar o coidado do medio ambiente e o lecer saudable para todos os públicos no Centro de Interpretación Terras do Miño, xestionado pola institución provincial. A programación inclúe seis propostas que se desenvolverán do 3 de xullo ao 1 de outubro.

O prazo de inscrición xa está aberto e as persoas interesadas xa poden anotarse na páxina web da institución provincial.

Continuarán as actividades do 10 ao 14 con Xogos tradicionais para os pequenos. Esta actividade ten 15 prazas e terá lugar en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas.

Xa no mes de setembro, a Deputación programou tres iniciativas. A primeira, Exploradores no Río Rato: Finalizando o verán, será do 4 ao 8 de setembro e está destinada a nenos e nenas de 6 a 12 anos en

horario de mañá. Posteriormente, do 11 ao 15 de setembro, os adultos contan con 15 prazas para un taller de Elaboración de Conservas Artesanais. Esta proposta será de 10.00 a 14.00 horas. Do 18 ao 21 de setembro terá lugar a actividade Exploradores no río Rato: curiosando na natureza, pensada para os máis pequenos e en horario de tarde, de 17.00 a 18.30 horas.

Por último, o 30 de setembro e o 1 de outubro, con motivo do Día Mundial das Aves Migratorias que se celebra o 14 de outubro, ofrécense xornadas de observación na Lagoa de Cospeito. Este proxecto ten 15 prazas e celebrarase en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas.

As iniciativas contan cun número de prazas reducido e os interesados e interesadas en participar deberán inscribirse con anterioridade na web da institución provincial.



**LETRAS GALEGAS.** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades premiou a 33 escolares lucenses no Certame de narración e debuxo Letras Galegas 2023, que organiza a Biblioteca Pública de Lugo coa colaboración das bibliotecas municipais da provincia. Os gañadores da fase provincial foron seleccionados entre os galardoados da fase local en cada unha das bibliotecas participantes.

**SERVICIOS**

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo  
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - [pizarrascastedo@hotmail.com](mailto:pizarrascastedo@hotmail.com)

## Entregados os Civitas Honoris pola proxección do Arde Lucus

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, entregou durante o Arde Lucus os Civitas Honoris, distinción en agradecemento á promoción, colaboración e posta en valor da cidade e do pasado romano a través do Arde Lucus. Nesta ocasión, os galardoados foron a ex concelleira Rosana Rielo, precursora do Arde Lucus que hoxe coñecemos; o muralista e artista gráfico Manuel Pallín, máis coñecido como Yoe 33, autor da castrexa Coopora, e o fotógrafo Julio Riego San Martín, “un dos mellores embaixadores das festas que dunha maneira anónima e desinteresada leva moitos anos retratando con grandeza esta celebración de recreación histórica”, explicou Lara Méndez.

A alcaldesa entregou os galardóns, representados cunha reprodución da Ponte Romana, agradecendo aos tres “a súa entrega, implicación e participación na creación, proxeción e divulgación do Arde Lucus”, respectivamente.

O acto, que tivo lugar, como de costume, no fondo da Praza Maior continuou co recoñecemento ás asociacións que celebran nesta anualidade o seu décimo aniversario: Guardia Pretoriana, Salesiani Luci Augusti, e Mercenarios Galaicos, ás que tamén se lles entregou como agasallo a reprodución da Ponte Romana.

**BALANCE.** Maite Ferreiro afirmou que “a ocupación turística de Lugo estivo próxima ao 100%, centos de persoas viñeron a desfrutar das múltiples actividades que se celebraron nas nosas rúas”. A concelleira de Turismo destacou que a coincidencia do Arde Lucus xunto co mundial de billar deu a Lugo “unha gran proxeción de Lugo a nivel galego, estatal e internacional”.

Os puntos de atención turística



atenderon durante a fin de semana a preto de 4.000 persoas, e as distintas salas museísticas atenderon a máis de 1.500 visitantes en tres días. A concelleira de turismo destacou o

éxito da colocación do punto de información turística da praza Maior, “cunha ubicación privilexiada que nos permite chegar cada vez a máis persoas”, explicou.

## As propostas do PP

O concelleiro do PP Agustín Gallego presentou unha batería de propostas de cara á mellora da vindeira edición do Arde Lucus. Ademais de suxerir que se celebre nunha data fixa, que non coincida co San Xoán, o popular é partidario de que se innoven os contidos.

O popular lamenta que “este ano, o primeiro que se celebrou o Arde Lucus con carácter internacional o programa que dependía do goberno local non estivese á altura xa que houbo menos animación na rúa (suprimíronse espectáculos do fauno, nin zancudos, nin bestia, nin grupos folk)” mesmo suxeriu a necesidade de dárle un aire novo ao circo romano xa que, “ano tras ano, repite a mesma función”.

Agustín Gallego tamén solicita que se estude a posibilidade de irmarse cunha cidade romana con

restos romanos.

Os populares non comprenden a falta de previsión á hora de publicar o programa do Arde Lucus salientando como “nesta edición o goberno local fixo a presentación o 16 de xuño, seis días antes da celebración, o que delata que houbo improvisación e que non se planificou con tempo”.

Para Agustín Gallego é moi importante evitar un solapamento de actos.

Gallego tamén avoga por fomentar a caracterización na cidadanía “facilitando e incentivando con máis obradoiros de caracterización tanto de vestimenta, complementos ou de maquillaxe”.

Por último suxire que se cree unha mesa de traballo que se reúna xa en setembro, e na que estén as asociacións.

## O CIFP As Mercedes presenta un ciclo de vehículos de competición

O CIFP As Mercedes de Lugo anunciou onte que será o primeiro centro docente público de España que oferte o ciclo superior de Automoción especializado en vehículos de competición, que comezará a funcionar a en breve. O anuncio desta nova oferta educativa realizouse durante a visita que realizou o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, ao centro, que conta con máis dun milleiro de alumnos e máis de 80 profesores. Este ciclo superior, no que colaboran nove empresas, constará de dous cursos e 16 prazas. Ademais, permitirá, segundo explicaron, formar a traballadores “para mecánica de competición nacional e internacional”.

O CIFP As Mercedes de Lugo imparte na actualidade ciclos das familias de Comercio e Márketing, Enerxía e Auga e Transporte e mantemento de vehículos. Pertence desde o

ano 2022 á Rede estatal de Centros de Excelencia de FP no sector aeronáutico e, nos últimos anos, a Xunta investiu nel 5,3 millóns de euros para adaptalo ás necesidades dunha formación de calidade que aspira á excelencia.

A este acto tamén asistiu o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez, que dixo que o CIFP As Mercedes é “un dos mellores centros de FP de Galicia e de España”.

Rueda aproveitou esta visita para defender as “vantaxes” da Formación Profesional Dual, un modelo que cualificou de “rompedor e innovador”, do que salientou que está a “reducir a taxa de abandono escolar, diminuindo o déficit de traballadores existentes nalgúns sectores, supliendo a falta de remuda xeracional, aumentando a empregabilidade e fixando poboación no territorio”.

## Xuventude convoca un curso de iniciación ao piragüismo de balde

A área de Xuventude organiza no mes de xullo un curso gratuíto de iniciación ao piragüismo na contorna da área recreativa dos Robles. A actividade, de iniciación, está dirixida á poboación de 14-35 anos empadroada no concello. Realizarase por quendas, ofrecendo un total de 30 prazas (10 por quenda), de luns a venres en horario de 11.00 a 14.00 horas. As e os interesados poderán inscribirse na web [www.lugomasxti.org](http://www.lugomasxti.org), asignándose as prazas por rigorosa orde de chegada das solicitudes.

Para participar nesta iniciativa precísase saber nadar, levar roupa cómoda e de recambio e, no caso de menores de 18 anos, presentar unha autorización cuberta e firmada polo pai/nai titor/a e copia do dni da persoa que autoriza, antes do comezo das actividades.

As tres quendas organizaranse do seguinte xeito: quenda 1, do 10 ao 14 de xullo; quenda 2, do 17 ao 21 de xullo; quenda III, do 24 ao 31 de xullo. A iniciativa enmárcase na programación do +xTi, financiada polo Plan Nacional sobre Drogas.

estudios **DIGALICIA** Formación Digital

**PROGRAMA DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL**

PARA: **DIRECTIVOS Y RESPONSABLES DE DEPARTAMENTO**

**AGENTES DEL CAMBIO (TRABAJADORES Y OCUPADOS)**

EXCLUSIVO GRATUITO PRÁCTICO

WWW.DIGALICIA.ES

672 06 33 31

estudios **DIGALICIA** Formación Digital

**DIRECTIVOS TRANSFORMACIÓN DIGITAL**

PROGRAMA GRATUITO

DIRECTIVOS Y RESPONSABLES DE DPTO. DE UNA PYME DE ENTRE 10 Y 249 EMPLEADOS

LAS PRIMERAS EMPRESAS INSCRITAS POR UN EXPERTO EN DIGITALIZACIÓN, EN LA PROPIA EMPRESA

MÁS INFORMACIÓN: 672 06 33 31 DIRECTIVOS@DIGALICIA.ES

## Belén Cordero gaña un premio por un audiovisual sobre a violencia

A artista luguesa Belén Cordero foi unha das gañadoras do Festival Internacional de Novos Artistas e Creadores en Madrid WE:NOW polas súa peza audiovisual Cometierra. Cada un dos artistas recibiu 2.500 euros nunha gala de entrega de premios que se celebrou no Círculo de Belas Artes de Madrid.

Este festival outorgou máis de 40.000 euros en galardóns a un total de 27 artistas de entre 18 e 30 anos de diferentes países do mundo, que recibiron o recoñecemento deste festival que consta de catro categorías: Música, Cinematografía, Artes Escénicas e Artes Visuais.

Ademais de 18 premios en metálico, incluído o premio do público, concedéronse dúas mencións especiais, dúas axudas á produción e unha axuda ao desenvolvemento. Tamén se outorgaron tres bolsas de estudo grazas ao acordo de colaboración Escola Universitaria de Artes TAI.

WE:NOW entregou 80.000 euros en metálico, axudas á produción, axudas ao desenvolvemento de proxecto e as referidas bolsas ao longo do ano, nas súas tres convocatorias e premios anuais. O festival recibiu máis de 4.000 proxectos de novos artistas de todo o mundo.

Na gala anual, á que asistiron recoñecidos nomes da cultura para apoiar a iniciativa, outorgáronse tanto os premios da terceira convocatoria do certame como os anuais.

Belén Cordero Rodríguez (Lugo, 1991). Deseñadora gráfica. Estudou un grao en Traballo Social na Universidade de Santiago de Compostela, pero unha vez terminado, o seu interese centrouse na concienciación social ante problemáticas como a violencia de xénero, o machismo, o racismo ou a lgbtfo-bia, entre outras.

## Marta López Alonso recibe un premio de Saúde Animal España



A catedrática do Departamento de Patoloxía Animal da USC na Facultade de Veterinaria do Campus Terra Marta López Alonso vén de ser distinguida na segunda edición dos Premios de Saúde Animal en España, un certame promovido por Animal's Health co obxecto de recoñecer os profesionais máis importantes do sector baixo o enfoque One Health, co galardón na categoría de Seguridade Alimentaria. O comité responsable da concesión dos II Premios Animal's Health xustifica a súa decisión no feito de que "Marta López Alonso é un gran exemplo do importante papel da veterinaria na seguridade alimentaria e na saúde pública". Esta docente e investigadora da USC, engade a resolución, "centrou a súa carreira científica na alimentación dos animais de compañía e dos animais de produción, un campo que repercute directamente na saúde dos animais e tamén das persoas".

A distinción de López Alonso co Premio de Saúde Animal España na categoría de Seguridade Alimentaria pon tamén en valor o feito de que esta investigadora luguesa oriunda da Fonsagrada, é membro

do panel de expertos da Comisión Técnica de Aditivos e Produtos ou Substancias utilizados nos Pensos para Animais da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria.

Esta comisión é a encargada de proporcionar asesoramento científico sobre a seguridade ou a eficacia dos aditivos e os produtos ou substancias que se empregan na alimentación animal, avaliando a seguridade, ademais da eficacia que estes supoñen para as especies obxectivo, usuarios, consumidores dos produtos de orixe animal e o medio ambiente.

Outro dos méritos da profesora Marta López Alonso que motivaron a concesión deste premio responde á súa condición de coordinadora de "potentes proxectos relacionados coa saúde humana", segundo se recolle no ditame do xurado, que fai fincapé no programa 'Minerais contra o cancro'. Esta iniciativa científica aberta á participación cidadán ten como finalidade analizar o papel dos minerais na incidencia de determinados tumores e valorar o seu uso como complemento nos tratamentos para mellorar a calidade de vida e o pronóstico dos pacientes.



## A EPS acolle o día 19 unha xornada de AgroRobótica

A Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC afonda nas potencialidades que ofrece a AgroRobótica a través dun ciclo de relatorios e demostracións técnicas que se desenvolverá o vindeiro 19 de xullo en quenda de mañá, de 9.30 a 14.30 horas, na sede universitaria luguesa. O programa, coordinado polos profesores do título de grao en Robótica Javier Bueno e Roberto Iglesias, e presentado este venres no marco dun acto no que tamén participou a directora da EPS de Enxeñaría, Rosa Romero, pon o foco no Grupo Internaco, unha empresa con sede no concello coruñés de Ordes creada en 1976 que conta con máis de tres décadas de experiencia no sector.

A robótica agrícola é un sector en expansión ao que os estudos de mercado lle auguran un rápido crecemento e implantación. De feito, a industria da AgroRobótica aumentou o seu volume de facturación nos últimos anos de forma significativa e as previsións de negocio son moi favorables a curto prazo, tal e como o constata o feito de que cada vez son máis as empresas especializadas neste ámbito, segundo se puxo de manifesto na presentación deste

ciclo sobre AgroRobótica.

A organización desta actividade formativa e de divulgación sobre AgroRobótica responde, segundo indican os seus promotores, á intención de aproveitar sinerxías entre algunhas das distintas impartidas neste centro universitario, tales como son os graos en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural e Robótica, unha titulación pouco estendida en España e única no Sistema Universitario Galego que só ofrece a posibilidade de especializarse en AgroRobótica ao alumnado que completa esta formación no Campus de Lugo.

A implicación do grupo Internaco na celebración deste ciclo de AgroRobótica responde, segundo indicaron Iglesias e Bueno, á súa xa dilatada experiencia no sector e á forte aposta que está a realizar nos últimos anos neste ámbito de especialización. Daquela, cómpre lembrar que os seus primeiros pasos neste campo comezaron hai preto de 30 anos co robot cortacésped da casa comercial sueca Husqvarna, unha achega tecnolóxica á que sumou recentemente a distribución dos robots FarmDroid e Naio, a través da súa participación na compañía AG Group.



cocina - baño - decoración

**M O B E L R I A S**

*A túa vida ben amoblada*

**villamor**  
MUEBLES

Tfno: 982 20 08 80  
www.mueblesvillamor.es  
cna, N-VI (Madrid) - o coruña) em 506.4 - lugo

Las indicaciones aprobadas para la terapia PEMF y la terapia LLLT son definidas por los aplicadores.

- Dificultades de cicatrización.
- Enfermedades degenerativas del sistema musculoesquelético.
- Polineuropatía como resultado de la diabetes mellitus o después del tratamiento del cáncer.
- Fatiga crónica, por ejemplo, en relación con el estrés crónico o la esclerosis múltiple.
- Dolor agudo y crónico.
- Influencia positiva en la inflamación (acné común).
- Reduce la aparición de arrugas y líneas finas, mejora el aspecto de la piel.
- Favorece la curación de heridas.
- Infiuye positivamente en las inflamaciones.
- Infiuye positivamente en los músculos y las articulaciones.



PRUÉBALA EN

**Verxel**  
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827  
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

# “Somos unha banda de rock para a xente máis cativa”

**A Gramola Gominola é un grupo musical dirixido a público infantil**

A Gramola Gominola é unha banda de rock and roll en galego destinada aos máis pequenos da casa. Gañadores do premio Martín Códax da Música 2018 ao mellor grupo de música infantil contan xa con tres libros-CD no mercado. Falamos con Rodrigo Muñoz para coñecer un pouco máis este grupo de música.

**Quen forma a Gramola Gominola, como foron os comezos?**

A Gramola Gominola somos Paula Romero, Paco Cerdeira (Pakolas) Anxelo de Xermar e Ro Muñoz e empezamos este grupo no ano 2015 co obxectivo de facer unha banda de rock para a xente cativa.

**Por que un grupo de rock and roll enfocado a nenos e nenas?**

Por que non? O rock é a música ca que medramos na nosa infancia, e a nós gustaríanos transmitir ese legado aos nenos de hoxe e, ao mesmo tempo, conectar tamén cos seus pais, xa que é o estilo de música co que medraron eles tamén.

**Faltan referentes deste tipo de música para nenos?**

Hoxe en día si, completamente. A



tendencia musical agora mesmo desta moito do que foi, e se os nenos aprecian o rock porque aos seus pais gústalles e escóitanos con eles.

**Como de importantes son as letras dentro da súa creación musical?**

Moito, as letras dos nosos teñen mensaxes importantes para eles, cousas que nós queremos transmitirles algunhas veces de xeito explícito e outras veces usando personaxes como pretexto para tra-

tar un tema concreto. O noso último traballo Bravas por exemplo un libro que pon en valor ás Superheroínas que tratan de cambiar o mundo cos seus superpoderes. As súas protagonistas empregan os seus poderes para loitar contra o abuso escolar, defender a lingua, protexer a natureza e visibilizar as emocións. Estas son as BRAVAS, mulleres que inspiran e dan luz ao mundo.

**Que valores vos definen?**

As nosas cancións apuntalan os nosos valores que son entre outros a igualdade, o ecoloxismo e a xustiza.

**Que aporta unha banda destas características?**

A nós persoalmente moita satisfacción. Coidamos moito todo en Gramola para entregarlle aos nenos e nenas un produto que lles faga sentir parte do que somos nós e que compartan a nosa paixón pola música.

**Que influencias ten o grupo?**

Pois cada un ten as súas, a verdade, pero a todos nos gusta o rock clásico, Queen, The Who, Led Zeppelin, The Beatles, Pink Floyd e un longo etc.

**Xa teñen tres CD, están traballando nun cuarto?**

Estamos traballando no seguinte paso, si.

**Como é un concerto da Gramola Gominola?**

Pois intentamos que sexa unha hora divertida e participativa para os rapaces, onde canten, bailen, berren e levanten os cornos e marchen cun sorriso para a súa casa.

**Onde podemos vervos en próximos concertos?**

Comezamos en abril con varias citas pero aconsellamos á xente que mire a nosa axenda nas redes.

**Que momento lembran con máis agarimo?**

Eu persoalmente a primeira vez que a miña filla Julia veu a un concerto da Gramola Gominola.

## El IES Sanxillao gaña a beca Fundación María José Jove-Ingada

A Fundación María José Jove e o Instituto Galego do TDAH e Trastornos Asociados (Ingada) efectuaron balance do Curso de Formación de Profesorado en relación co Alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) que impartiron en toda Galicia co apoio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Ademais, as tres entidades renovaron o convenio para levar a cabo unha nova edición destes cursos e deron a coñecer á gañadora da IX Bolsa Ingada-Fundación María José Jove, que recaeu no IES Sanxillao de Lugo.

Á presentación asistiron o conselleiro de Cultura e Educación, Román Rodríguez; o presidente da Fundación Ingada, Anxo Carracedo; a presidenta da Fundación María José Jove, Felipa Jove, e a vicepresidenta de Ingada, Elvira Ferrer.

Dirixida a docentes dos centros de Educación Primaria, Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato e Formación Profesional de Galicia, a formación impartíuse en 7 cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol, asistindo máis de 200 docentes.

FAMILIA PROFESIONAL

IMAXE PERSOAL

FAMILIA PROFESIONAL

INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

FAMILIA PROFESIONAL

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

Erasmus+

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

IES MURALLA ROMANA

AQUÍ HAY FUTURO

CURSO 2023/24

OFERTA MODULAR A DISTANCIA

CURSO 2023/24

FP DUAL

CICLO FORMATIVO

Xestión, representación e organización empresarial

Idiomas

Ciclo superior Asistencia á Dirección

¿Estás desempleado? ¿Estás traballando e queres mellorar a túa competencia?

**APOSTAMOS POLA FORMACIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO**

**GRAD SUPERIOR**

- Administración e finanzas  
Álvarez Real S.L., Apagal S.L., Breogán Asesores, Cecoagro Central de Compras S.L., Conelec S.A., Citadel S.L., Leche Río S.A., Lualco, Monfobus, Recambios Frain S.L. e María Salomé Tomé Vázquez
- Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma  
Legalmit, Intuitive Invest, Comunitea, Atos, Cloud Factory-Cuatrochenta e Data Monitoring S.L.

**Curso de Especialización en desenvolvemento de Videoxogos e Realidade Virtual**

INFORMACIÓN: [www.edu.xunta.gal/centros/iesmurallaromana/](http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmurallaromana/) • [ies.muralla.romana@ede.xunta.gal](mailto:ies.muralla.romana@ede.xunta.gal)  
ou no IES MURALLA ROMANA na Rúa Ánxele Colecci s/n. 27003 Lugo - Tel.: 982 828 081


XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA MURALLA ROMANA

FONDO SOCIAL EUROPEO "O FSE PARA O NO FUTURO"

# Conversa con Luz Darriba, escritora e artista plástica

## RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**L**uz Darriba naceu en Montevideo, Uruguai (1954). En 1970 trasládase coa súa familia a Bos Aires, e tócalle alí, no 76, sufrir o golpe e a ditadura militar. En 1990 emigrou a Galicia, a Lugo, onde reside e traballa dende entón.

**En Bos Aires estudaches Belas Artes? Sí, e tamén Filosofía e Letras, ao mesmo tempo. Cando os milicos pecharon as facultades de Humanidades, seguín con Belas Artes.**

**Dixeches algunha vez: “son un artista porque respiro”, a que te refíres?**

O que quero dicir é que non podo facer outra cousa. Non podo evitar escribir, pintar, debuxar... Fundamentalmente son artista. Boa ou mala non o decido eu, non é o meu tema. Só sei que non podo deixar de selo. Cando fixen temporalmente algún outro traballo, angustiame tanto que tiven que voltar axiña ao meu. Sempre me movín no ámbito da creación: o gravado, a pintura o debuxo as intervencións e instalacións, as performances... E hai unha ducia de anos mergulleime de cheo na literatura.

**Cultivas tantas disciplinas, cal é a túa favorita?**

Non teño ningunha, é por momentos ou tempadas. Gústame moito a pintura, é moi absorbente, como un amante posesivo. Tés que dedicarlle horas e horas. E prefiro pintar grandes espazos, murais. De momento, non teño onde traballar. A consecuencia da mal chamada «crise de 2008» perdín o meu taller e tres cuartas partes da miña vida material e física. Nestes momentos dúas comisarías están a preparar unha mostra dos meus corenta anos de traballo e aínda non teño un espazo físico onde traballar. A «crise» non reverteu nin para min nin para moitas artistas. Neste país non hai axudas para a arte, como noutros, por exemplo Bélxica, onde vivín tres anos por motivos laborais. Aquí a cultura só interesa cando adquire dimensións tan grandes que acaba absorbendo o artista, pasando a formar parte do sistema que enche os seus petos para que non moleste. Mais a maioría das creadoras están desprotexidas. As veces, despois dunha vida enteira dedicada á arte non temos nin un espazo propio (a peza propia da que falaba Virginia Woolf) onde traballar.

**A túa popularidade débese, en parte, ás túas macrointervencións, como xurdiu esta idea?**

Sempre estiveron na miña cabeza, non son algo que se me ocorrese de súpeto. As cousas quedan aí, na miña mente durante moito tempo, coma se tomasen forma por si soas

e saísen nun momento determinado. Por exemplo, cando estaba en Belas Artes era figurativa, facía «figuración» como todo o mundo, e despois de rematar a escola, sen decatarme, comecei a facer «abstracción» e así seguín durante quince anos. Na Arxentina coñecín a obra de Marta Minujín e o que fixeron Christo e Jeanne-Claude intervindo o edificio do Reichstag e moitas máis cousas. Pareceume unha opción alternativa a de levar a arte ás rúas, que esta fose efémera, participativa, colectiva, e que non pertencese a ninguén. Qui-xen (quero) facer artefactos que se interpoñan no camiño da xente, que a conviden a reflexionar. Para min o social e o colectivo están indisolublemente ligados. Cando cheguei a Lugo propuxen varias actuacións para poñer en valor a Muralla e non conseguín nada. Foi cando volví dunha Bial de Venecia, en 1999, sen saber que fora proposta para ser declarada patrimonio da humanidade, que presentei CUMULUM. Un proxecto que rodeaba o perímetro do monumento romano con máis de medio millón de libros. Déronme os permisos oportunos (Xunta e Concello), mais non puxeron nin un euro do erario público. A única axuda foi de Cultura do Concello, para que se gravase en Lugo A cidade invisíbel, de RNE (unhas 150.000 pesetas). O Concello (grazas ao querido e lembrado Marcos Cela) deixounos utilizar as vallas para a publicidade e, así, obter algúns ingresos cos que pagar á persoa que facía as tarefas administrativas. SEUR trouxo os libros de balde (de todo o Estado), cedidos polas editoriais e os internos de Monterroso, Bonxe e Teixeira embolsaron os libros coas bolsas que Caixa-Galicia nos cedeu. Mobilizamos cinco mil voluntarios e en homenaxe a elas e eles puxemos os seus nomes diante da Estación de Autobuses. Mais sen as persoas que ían todos os días (unhas 40, maiormente mulleres) e os internos dos cárceres, non daríamose feito semellante traballo.

**Quen che axudou realmente?**  
Os que realmente me apoiaron foron os meus amigos Xenaro Lamas, Alfredo Bongianini, Gerardo Castedo. E tamén teño que agradecer a colaboración do arquitecto Marcos Parga, que fixo, de xeito altruista, o deseño arquitectónico. E moitas amigas da alma, que homenaxeamos no seu momento. Nunca se fixera tal cousa, valeunos un récord Guinness, que non ten ningunha importancia no terreo da arte, mais si para a xente que participou. E como me dixeron as autoridades da Unesco (que me invitaron a intervir a súa sede, e a Porta de Alcalá de Madrid), grazas a esta macrointervención, con tanta participación popular, a Muralla foi declarada Patrimonio da Humanidade. Froito deste proxecto da Muralla levei a cabo



outro na Maison da Unesco, en París, Libres avec des livres (2000), e Alcalá, unha porta aberta á cultura, en Madrid, co patrocinio da Unesco (2001). A meirande parte dos libros foron reutilizados para fomentar a lectura en América Latina, en programas da propia Unesco.

**Xa fixeches outros moitos proxectos deste tipo. Cal destacarías?**

Téñolle un especial agarimo a Luva negra, luva branca (2005), na Praza de Santa María de Lugo, que foi portada de El País o 26 de novembro dese ano (foto de Pepe Álvarez). Gústame porque as mulleres que participaron, voluntariamente, estaban en proceso de reinserción para deixar de exercer a prostitución. Destaco tamén Sinais, que deu a volta ao mundo. No ano 2006, Micaela Fernández Darriba e mais eu (co apoio da concellaría de igualdade de Lugo) incorporamos a figura feminina aos semáforos da Ronda da Muralla, no Día Internacional da Muller Traballadora. Por iso, a Federación Española de Municipios e Provincias incluíu esta proposta no seu Manual Práctico para a sinalización urbana igualitaria, recomendando a súa aplicación en todo o Estado. O noso desexo era que a figura feminina existise, polo menos, nun semáforo de Lugo, feito que non ocorreu polo momento. Todas estas intervencións levan meses de traballo, implicando voluntariado porque, ademais de non ter cartos para pagarlles aos participantes, o obxectivo destes traballos é a participación colectiva. Ten un sentido completamente diferente.

**E como se implica á xente?**

Falando con ela. É máis doado que as mulleres se impliquen, que somos conscientes do que nos pasa e nos pasou sempre, do que sufrimos e seguimos a sufrir neste sistema inxusto. Cando están dentro dun proxecto, é incríbel como se implican coa conciencia de que están deixando a súa marca, os seus acenos e modifican así a natureza do propio traballo. Un traballo que xa non pertence a ninguén en concreto, que é o resultado dun proceso; é o traballo de todo un grupo. Como o Patchwork, o tapete de 8 000 metros cadrados que cubriu

o Obradoiro, en Compostela. E iso produciuse coa intervención coas luvvas na praza de Santa María. Lembro que aquel día chovía e consultamos entre todas como poñer as luvvas, até que saíu esa ola que formou un mar, un mar branco e negro. E resultou un fermoso traballo colectivo.

**Pola túa militancia feminista, formas parte da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega?**

Sí, do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos, o CDIF, que pertence ao Consello da Cultura Galega, dende hai uns anos. Facemos un traballo de concienciación, sensibilización e visibilización das mulleres, para poñer en valor o seu traballo e facelo pasar á historia. Tamén formo parte de The Feminist Art Project de New York (TFAP).

**En todas as túas obras, sempre hai unha perspectiva de xénero?**

Claro, senón non sería eu. Eu son unha muller e non podo renunciar á miña condición de oprimida por selo. **Aínda que a túa traxectoria é principalmente como artista visual, tamén te dedicaches á literatura...**

Sempre escribín. Pequenos relatos, poesía, artigos... Mais non me decidín a publicar até hai dez anos. Eu me consideraba, fundamentalmente, unha artista visual. E todo o demais era un acto creativo que consideraba menor.

Mais nun momento horrible da miña vida, arredor de 2012, decidín publicar eu mesma a miña primeira novela Toda a xente errante. E escribir axudoume porque a arte só se pode facer dende estados onde se cuestiona todo, mesmo o sentido da vida, dende os sentimentos máis fondos.

**Na túa última novela O Encaixe de Bruselas, revelas unha historia familiar e persoal atravesada polo exilio forzoso. É autobiográfica?**

Sí, todos o que facemos o é, dalgún xeito. Aquí conto cousas que me pasaron durante a miña estancia en Bruxelas, e é a miña terceira novela en galego, para o que me estiven formando durante anos e recibín axuda, fronte ás dúbidas, de mestras como Marica Campo, Helena Villar Janeiro (e Edith Longarela). Atópome cómoda

na escrita e penso continuar nela, e en todo o demais, mentres poida.

**Outras obras, como Xoguetes para nenos cegos (2015), O que o vento non levou (2016). Tamén en Abril, unha novela na que teces, entre Galicia e o Río da Prata, os fíos da memoria, que esixen reparación e esperanza, serven para espertar a memoria?**

Non o sei. Se a algunha persoa lle serve, está xustificado o meu tempo e traballo. Na Arxentina, a partir da mobilización popular e da concienciación da sociedade, milleiros de xenocidas foron xulgados e condenados e seguen a ser procesados. E as crianzas da Arxentina aprenden que o 24 de marzo é festivo porque ese día se rompeu a democracia a mans dos militares que decidiron ser propietarios de todo un país e que, para impor o seu proxecto, asasinaron a trinta mil persoas. O que non se coñece está condenado a repetirse. Aquí pasaron cousas terribes que se taparon e encubriron, algún día non poderán facelo máis.

**Tes a nacionalidade española e es filla da diáspora galega e asturiana, por que dis que “En Europa aprendín a ser estranxeira”?**

Xa hai 33 anos que estou en Lugo e aínda me segue dicindo algunha xente: «ti, que es de fóra...». Así que non importa canto tempo leve aquí nin as cousas que fixese, aínda hai quen me considera de fóra (será polo acento). Fanme sentir estranxeira.

**Recibiches varios recoñecementos nas artes e na literatura, entre eles o Primeiro Premio do XIV Certame de Relatos Curto Ánxel Fole (2012), e polo relato Monstros, o Primeiro Premio do I Certame de Relatos en Igualdade, en 2014. E en 2018, o Premio das Artes da Cultura Galega.**

Tiven bastante recoñecemento dende moi nova. Teño, entre moitos outros o Gran Premio do Fondo Nacional das Artes, na Arxentina (1983) e o Premio a estranxeiros (lembramos que eu son uruguia, o de estranxeira me perseguen) no Salón Nacional de Arxentina, en 1986. Hai bastante literatura sobre o meu traballo en varias universidades latinoamericanas.

**Que é o que te vincula con Lugo?**

A familia do meu pai. O meu avó era de Ombreiro, a miña avoa da Ramallosa, Pontevedra. Emigraron ao Uruguai onde se coñeceron e alí naceu meu pai. Logo retornaron cando el tiña dous anos. Despois do golpe de Estado do 36, meu pai e miña nai se embarcaron clandestinos nun barco inglés, rumbo ao Uruguai. Cando a situación na Arxentina foi insostíbel decidín ir a Suecia, onde tiña compañeiros exiliados, finalmente vin para Galicia, concretamente a Vigo onde coñecín a Laxeiro. As circunstancias familiares e a tranquilidade de Lugo para criar unhas nenas pre adolescentes, fíxome decidir por Lugo.





Por Lugo:

**VAI  
EN  
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas

## O PP pregunta sobre a tramitación de inclusión no sistema VioGén

O PP quere saber en que punto está a tramitación para adherirse ao VioGén lembrando que hai dous acordos unánimes de pleno, de outubro de 2019 e outro de 2020, nos que a instancias do Grupo Municipal do PP a corporación, de forma unánime, apoiou unirse a este Sistema no que xa están dende hai anos o resto das grandes cidades de Galicia.

A concelleira Aurora Goás recrimina ao goberno local “a falta de interese en sumarse a este protocolo de colaboración e coordinación promovido no ano 2017 polo Ministerio do Interior entre as forzas e corpos de seguridade do Estado e a Policía Local para a protección das vítimas de Violencia de Xénero”. Dende o Partido Popular explican que a única novidade con respecto a este asunto foi un tímido anuncio de Lara Méndez durante a precampaña das municipais e “dende esas

declaracións pasaron 2 meses e non hai novidades”.

Tamén reclaman que de forma paralela se traballe para sumarse á Rede Galega contra a Violencia de xénero onde xa están 226 concellos galegos, entre os que figuran todas as grandes cidades excepto Lugo e Vigo. De feito existe tamén un acordo de pleno do ano 2017 no que, a instancias del PP, se aprobou unha iniciativa para que Lugo se adherise á Rede Galega contra a violencia de xénero (PP, PSOE, Lugonovo, Ciudadanos, BNG e ACE).

Aurora Goás explica que ambas ferramentas, Viogén e Rede Galega contra a violencia de xénero, “buscan mellorar a coordinación e o traballo en rede de forma transversal, non só para dar resposta e atención ás vítimas, senón tamén para anticiparse e previr agresións que non deberan ter cabida na nosa sociedade”.

## Conformado o novo Goberno municipal na liña do anterior

Tal e como se esperaba o Pleno de Organización do Concello de Lugo, que manterá o réxime de sesións do último xoves de cada mes, aprobou o gasto político para a lexislatura que agora comeza. Este contou co respaldo do PSOE e BNG e a abstención do PP.

Segundo puxeron de manifesto, o gasto político situarase en 1.680.000 euros, que sobe respecto aos anos anteriores, nos que xa se aplicaran varias subas.

O Executivo municipal aprobou a contratación dun total de 19 asesores – dos 25 que permite a lei – para os diferentes grupos municipais da Corporación, a razón de 10 para o PSOE, 6 para o BNG e 3 para o PP, o que supón un traballador máis con relación ao pasado mandato.

O Goberno local autorizou un incremento do mesmo entorno ao 13'5% con relación ao exercicio en curso, de maneira que os salarios dos concelleiros sobe para equipararse ao básico dun/ha xefe/a de servizo (pasaría de 48.400 € a 53.400€), mentres que os do/as asesore/as se igualan tamén, segundo categorías, aos dun/ha administrativo/a, un/a técnico/a medio e un/ha técnico/a A1.

O principal aumento obedece á asignación dos grupos políticos, que recupera os valores de 2011 logo da diminución acordada no mandato 2015 – 2019, pasando, no seu conxunto de 17.300 € ao mes a 24.000 €.

Pola súa parte, o salario de alcaldesa, cuxo tope legal estaría establecido – segundo as características do municipio – en 87.000 euros – subirá ata os 74.000€.



O Concello de Lugo constituíu tamén a Xunta de Goberno Local deste próximo mandato que, como nos últimos anos, manterá a súa sesión os mércores ás 10.00 horas.

O órgano estará presidido pola rexedora e integrado polos tenentes de alcaldesa Rubén Arroxos, Miguel Fernández, Paula Alvarellos, Maite Ferreiro, Mauricio Repetto, Ana Abelleira e Cristina López.

**ÁREA GOBERNO PSOE.** A alcaldesa presentou a organización de áreas de Goberno que xestionarán as e os concelleiros socialistas.

O PSOE levará cinco áreas moi concretas: Alcaldía; Transición Ecolóxica e Impulso Rural; Sostibilidade Urbana e Recursos Internos; Dinamización Económica e Cohesión Social. Ademais de Lara Méndez ocuparanse destas grandes áreas o tenente de alcaldesa Miguel Fernández (Medio Ambiente e Medio Rural); a tenente de alcaldesa Paula Alvarellos (Sostibilidade Urbana e Recursos Internos); Pablo Permuy (Economía e Recursos Humanos); o tenente de alcaldesa Mauricio Repetto (Dinamización Económica) Jorge Bustos (Con-

cellería de Xuventude e Deportes) e a tenente de alcaldesa Ana González Abelleira (Dinamización Social).

**ÁREA GOBERNO BNG.** Rubén Arroxos Fernández, será o titular da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; Maite Ferreiro Tallón levará a Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e María Cristina López a de Participación e Servizos para a veciñanza.

Completan o apartado nacionalista Felipe Rivas Jorge, titular da Concellería delegada de Educación e Difusión do Coñecemento e Alexandre Penas Roibás, titular da Concellería de Infraestruturas Urbanas.

### Ramón Cabarcos presidirá a Mesa de Urbanismo do PP

O Grupo Municipal do PP activou a mesa de expertos en urbanismo, coordinada por Ramón Cabarcos, na que se analizarán cuestións relacionadas cun novo modelo de planificación urbanística e que afectan ao día a día da cidade e na que, tamén, se presentarán propostas e solucións para o desenvolvemento dos barrios de Lugo.

A voceira popular, Elena Candia, que presidiu esta primeira mesa de traballo, destacou o perfil de Cabarcos como “unha das persoas que ten unha visión máis global sobre a contorna pola súa formación técnica como arquitecto” engadindo que “a súa experiencia como Director da Escola Ramón Falcón aportará a visión pedagóxica e práctica necesaria para trasladar á cidadanía os proxectos que defende o PP para construír un Lugo mellor”.

Pola súa banda Cabarcos manifestou que “este espazo de traballo busca un debate sosegado, unha análise rigurosa e a aportación de ideas sobre ordenación urbana e planificación sen olvidarnos de facer un seguimento dos compromisos que PSOE e BNG adquiriron no pacto de goberno”.



# Marfer

INFORMÁTICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







**EXIT ERP**  
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

**SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL**



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

## A TENDA DE FINGOI

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS



**PANADERÍA**

**FRUTERÍA**

**ALIMENTACIÓN**

**SERVICIO A DOMICILIO**

Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

# Folga no sector da limpeza e acordo no de alimentación

“Basta xa de tanta explotación” foi a mensaxe que as traballadoras e os traballadores da limpeza lle lanzaron á patronal na manifestación realizada polas rúas de Lugo, coincidindo coa xornada de folga en demanda dun convenio digno. O paro, que afecta a todo o persoal da provincia regulado polo convenio de limpeza de edificios e locais, unhas 1800 persoas, está rexistrando un seguimento total “malia os abusivos servizos mínimos decretados, que nalgúns casos chegan ao 100% da actividade”, como explican dende a CIG.

A representante da CIG-Servizos, Asunción Castiñeira, lembrou que o salario anual dunha limpadora está 1800 euros por debaixo do salario mínimo interprofesional e que este é un sector altamente feminizado e con moita parcialidade. “As traballadoras están fartas e non van consentir que a patronal consolide e afonde nesta precariedade. Por



iso, ademais dun incremento xusto, no actual contexto prezos desbocados, a revisión anual ao IPC e o pago dos atrasos correspondentes ao ano 2022 son irrenunciábeis”.

**ALIMENTACIÓN.** A patronal do sector do comercio de alimentación de Lugo, Asociación de Empresarios Almacenistas de Alimentación de Lugo, e as centrais sindicais UXT e USO, que ostentan a representati-

vidade de máis do 85% do sector, asinaron o novo convenio colectivo provincial de comercio de alimentación de Lugo con vixencia para o período 2022-2025, segundo informan desde a CEL.

No referido convenio colectivo pactouse un incremento salarial do 16,70% para o catro anos de vixencia do mesmo, “o maior incremento rexistrado nos convenios de sector da provincia até a data”, afirman.

## Benestar organiza actividades ao aire libre para maiores

A área de Benestar e Maiores achega unha nova proposta de lecer e socialización para este verán: converter as prazas e parques da cidade nun lugar para a práctica deportiva co fin de promover un ocio saudable e un modelo de vida activa ao aire libre. As clases de ximnasia, para as que non é preciso inscribirse senón, achegarse ate as localizacións sinaladas, impartiranse dende o 3 de xullo e até o 31 de agosto, en horario de 18:30 a 19:30 horas. Alternaranse as clases en distintas prazas luns e mércores e martes e xoves.

## O PP propón a creación dunha oficina de atención a migrantes

O PP local, que dirixe Elena Candia, ve necesaria unha oficina municipal de atención aos migrantes e propón para iso elaborar unha guía de recursos sociais e programas para este colectivo.

A voceira do Grupo Popular, Elena Candia, xunto co concelleiro responsable da área de Servizos sociais, Gustavo Díaz participaron nunha mesa de traballo á cal asistiron asociacións e entidades sociais que traballan con colectivos migrantes.

Dentro da dinámica de traballo do Grupo Popular vanse organizar Me-

sas temáticas de traballo a primeira delas, a da migración, quedou xa constituída e estará coordinada por Gustavo Díaz que é o concelleiro responsable da área de benestar social, migración e voluntariado

Elena Candia explicou que “o coordinador desta Mesa ten gran experiencia co tecido asociativo de ámbito social, primeiro pola súa vinculación con entidades como a AECC, segundo, pola súa formación xurídica especializada e, terceiro lugar, pola súa actividade de voluntariado en diferentes ámbitos”.

## Expertos nacionais recoñecen o valor do proxecto Impulso Verde



O edificio municipal Impulso Verde acolleu unha xornada de portas abertas organizada por FSC España e a USC. Esta iniciativa enmárcase na celebración da asamblea anual de socios de FSC, unha organización sen ánimo de lucro dedicada a promover a xestión ambientalmente apropiada, socialmente beneficiosa e economicamente viable dos bosques en todo o mundo.

O presidente de FSC España, Alberto Rojo, destacou que “grazas a iniciativas como este edificio Impulso Verde e ao traballo que está a levar a cabo o Concello Lugo estase convertendo en todo un referente a nivel nacional en materia de sustentabilidade”. “Este é o motivo –explicou– polo que, por segunda vez, decidimos celebrar a nosa asemblea anual nesta cidade, que se converte, por detrás de Madrid, onde se atopan as nosas oficinas centrais, no concello que máis veces albergou un dos nosos encontros; é a terceira vez que vimos a Galicia e a segunda a Lugo”, expuxo.

Durante o evento inaugural, o director executivo de APCER, Ivo Robim, entidade certificadora

encargada de auditar o proxecto, fixo entrega á alcaldesa do Certificado FSC de Proxectos ao Concello, como impulsor do edificio Impulso Verde. Este certificado garante que toda a madeira local empregada na súa construción procede de fontes sostibles e controladas.

A xornada contou con mesas redondas sobre o uso da madeira na construción sostible e visitas guiadas ao edificio Impulso Verde, á empresa subministradora da madeira certificada FSC do edificio, Hijos de Ramón Rubal S.L. en Alfoz e ao monte certificado FSC de SOFOR Monte Uceira en Pol.

A xornada de portas abertas contou, ademais, coas intervencións e participación do director da XERA, Axencia Galega da Industria Forestal, Jacobo Aboal. Por outra banda, participaron os principais membros do equipo encargado do proxecto do edificio: Susana Penedo Souto, arquitecta no Concello de Lugo, os arquitectos colaboradores Belén Feijóo e José Antonio Lorenzana (PEMADE) da Universidade de Santiago de Compostela. E tamén representantes das empresas construtoras da industria da madeira.

tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE**

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE  
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

**COMPRA ON LINE**

[www.promedisa.com](http://www.promedisa.com)

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

## Representantes veciñais de Lugo participan na primeira reunión do consello confederal

A Confederación Estatal de Asociacións Veciñais – CEAV reuniuse en Madrid -na sede da Federación Española de Municipios e Provincias –FEMP-, para celebrar o primeiro Consello Confederal desde a toma de posesión -o pasado 12 de marzo do presente ano- da súa nova Xunta Executiva, presidida polo badalonés Julio Molina Barthe.

A reunión contou cunha ampla representación de toda España, e no caso de Galicia, con María José Villamarín Santomé -actual Vicesecretaría da CEAV e membro, por tanto, da nova Xunta Executiva desta entidade-. Asistiron, ademais, Luís Abel Fernández -secretario da CoGaVe – Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro e da Federación provincial de Asociacións Veciñais Lucus Augusti de Lugo-, e Antonio Villamarín Rielo e María del Carmen Suárez Cruz -membros, ambos, da citada Federación luguesa. Durante o transcurso da reunión,

fixose unha presentación da nova Xunta Executiva de CEAV, ademais de abordar diversos temas, como a tramitación dunha Proposición Non de Lei no Congreso dos Deputados para lograr unha Declaración Institucional de apoio e recoñecemento ao movemento veciñal e a súa historia en toda España; a presentación de informes das diferentes comisións de traballo, centradas, fundamentalmente, en temas sanitarios -como o amianto-, a igualdade e a terceira idade.

Así mesmo, sentaron as bases do próximo encontro de Grandes Cidades, que terá como sede, Barcelona, e celebrarase xa entrado o próximo outono.

Finalmente, presentouse o novo convenio de colaboración asinado entre a CEAV e o CSCAE -Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España-, para o que asistiu e participou Elvira López, coordinadora das oficinas de rehabilitación do CSCAE.



**CORPUS.** A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, presidiu onte a tradicional ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, que conmemora o seu 351 aniversario. Ofrenda que foi realizada polo rexedor de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome.

## Besteiro, Conde e Castro lideran as listas para as Xerais

Os lugueses deberán volver votar este mes, nesta ocasión para escoller aos representantes da provincia nas dúas cámaras, o Congreso e o Senado. As votacións terán lugar o 23 de xullo e a campaña xa está en marcha. Aínda que concorren todos os partidos, nesta ocasión a loita entre PP e PSOE, Feijóo ou Sánchez, centra a campaña que están a realizar ambos partidos na provincia.

**PSOE.** Os socialistas recuperan a un activo importante, José Ramón Gómez Besteiro, que encabeza a lista socialista ao Congreso pola provincia de Lugo. As candidaturas que presentan os socialistas son paritarias e representativas do conxunto da provincia, como por exemplo, para o Congreso figuran como titulares tamén políticos da Mariña (Patricia Otero Rodríguez), a Terra Chá (Eduardo Vidal Baamonde) e Lemos (Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez).

Polo que respecta á candidatura ao Senado, tamén recollen a candidatos de toda a provincia, como é caso da Mariña (César Mogo Zaro), a zona centro (Marina Ramudo Graña) e A Montaña (José Fernández Fernández).

Nun contexto complexo -pandemia, volcán e guerra- o candidato socialista destacou que o Goberno de Sánchez desbloqueou proxectos esenciais para a provincia como a estación intermodal de Lugo -con 26 millóns de euros xa adjudicados-; destinou máis cartos para acelerar as autovías a Santiago e a Ourense; tamén para a mellora da conexión ferroviaria con Ourense; ou para os avances nas conexións por estrada na Mariña co inicio da autovía A-74. “É dicir, reactivou todos os proxectos que o PP tiña con teas de araña”. Os



datos están aí, insistiu, “cando gobernan os socialistas, Galicia e Lugo son prioridade. Boa proba disto é que “en cinco anos, Galicia recibiu 10.280 millóns de euros máis que nos últimos cinco anos do goberno de Rajoy”.

**PARTIDO POPULAR.** A lista do partido Partido Popular ao Congreso está liderada polo ex conselleiro Francisco Conde. Este estará acompañado por Jaime de Olano, que foi o candidato nas anteriores eleccións.

Como número tres o PP aposta por Cristina Abades, que foi responsable de Política Social na Xunta e concelleira en Lugo. De cuarta está Mercedes Rodríguez Moreda, exdirectora xeral e membro da candidatura de Castiñeira por Foz.

Como suplentes figuran Alberto García, Monserrat Seijo, Sagrario Sánchez, Carlos Vázquez e Mar Carballas.

En canto ao Senado, o primeiro na lista é José Manuel Barreiro, que se mantén tras varios anos. Incorporárase de número dous a alcaldesa de Guntín, María José Rodríguez, e pecha a



lista o exalcalde de Portomarín, Juan Serrano.

Entre os suplentes están Quique Rozas, Sara Ruíz, José Manuel Balseiro, Cristina Fernández, Manuel Rouco e Paula Gesto.

**BNG.** A portavoz nacional, Ana Pontón foi a encargada de presentar a lista nacionalista, que encabeza Daniel Castro, actualmente deputado no Parlamento Galego. Estará acompañado por María Cristina López Fernández, Iago Suárez Fernández e Mónica García Souto.

Como candidatas ao Senado están Rosa Ana Prieto Florines, María Montserrat Porteiro Sánchez e Ángel Gegunde Díaz.

Ademais, os candidatos e candidatas que figuran nas candidaturas de Sumar na circunscrición de Lugo están encabezadas por Ximena Cheda Tuya, número dous da candidatura ao Congreso, que encabeza José Antonio Rodríguez Añón. Traballa nun negocio local como autónoma, actual voceira de Podemos Lugo, e tamén forma parte da executiva de Podemos Galicia.

**RAXERIA LAXA**  
ESPECIALISTAS EN CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO - TEL. 932 216 536  
www.raxeriaalaxa.com

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

**SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO**

**FISIOTERAPIA**  
Deportiva  
Neurolóxica  
Traumatolóxica  
Drenaxe Linfático  
E.P.I. / EPTE

**TRATAMIENTOS**  
Accidentes de tráfico  
Lesiones Deportivas  
Neurológico  
Traumatológico  
Ondas de Choque  
Radiofrecuencia  
Game Ready  
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342  
www.boasmans.com  
info@boasmans.com

## Centros de ensino de Lugo contarán con novas aulas de capacitación dixital

A Xunta de Galicia vén de habilitar aulas nos centros de educación para persoas adultas co obxectivo de facilitar a capacitación dixital. O Portal Educativo vén de publicar a resolución pola que 55 centros que imparten estas ensinanzas incorporan estas novas funcións, co obxectivo de formar en competencias dixitais básicas a 2.815 persoas en Galicia durante o ano 2023.

Na provincia de Lugo son once centros. Na zona centro son os EPAPU Albeiros de Lugo, Monteroso e Bonxe de Outeiro de Rei.

# Unha trintena de empresas locais intégranse no programa DiGalicia

Unha trintena de representantes de diferentes empresas lucenses asistiron na sede central da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) á primeira xornada de traballo de DiGalicia, un programa de formación e tutelaxe orientado a fomentar a transformación dixital das pemes gallegas e financiado a través dos fondos Next Generation UE do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Económica e enmarcado na iniciativa Xeneración Dixital, liderada pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial (SEDIA) do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI).

No encontro participaron Jaime López, secretario xeral da CEL, organización colaboradora con DIGALICIA na provincia; Ramón Martínez, CEO de Estudos Rafer, empresa lucense que encabeza a agrupación xestora deste programa de financiamento europeo e unha das 25 que conseguiron en todo o territorio nacional acceder á execución desta iniciativa; e Isabel Rodríguez, subdelegada do Goberno en Lugo.

Ademais de empresarios, entre o público asistente atopábanse o concelleiro de Desenvolvemento Económico de Lugo, Mauricio Repetto, e técnicos do Igape en Lugo.

**TRANSFORMACIÓN DIXITAL.** O secretario da CEL destacou na súa intervención a vantaxe que supón para a provincia que unha empresa lucense lograse financiamento europeo para executar un programa destas características, e subliñou que é “unha oportunidade única para que as pemes de Galicia non perdan a senda da transformación dixital, un proceso imprescindible por canto



permite automatizar tarefas e procesos, optimizar as operacións e mellorar a eficiencia na xestión de recursos e activos”.

Isabel Rodríguez sinalou á súa vez en que “a transformación dixital é un dos eixos transversais das políticas do Goberno de España” e que xa se impulsou “a dixitalización de 2.400 pemes lucenses e 14.000 en Galicia a través do Kit Dixital”, co obxectivo de “mellorar a competitividade e eficiencia das pequenas e medianas empresas, así como para apoiar á in-

corporación á Economía Dixital dos sectores estratéxicos da economía lucense, aumentando a súa produtividade e potenciando a creación de emprego de calidade”.

Pola súa banda, Ramón Martínez detallou que a través de DiGalicia “formárase a un total de 650 directivos e a 188 ‘axentes do cambio’ ou dixitalización en empresas de entre 10 e 250 traballadores de toda Galicia”. Informou de que o prazo de inscrición xa está aberto e que as prazas se cubrirán por rigorosa orde.

## Inclusión laboral con EmpleaLab

A Fundación CEOE, Cáritas Diocesana de Lugo e a Confederación Empresarial de Lugo (CEL) presentaron, a entidades sociais e empresas lucenses, o proxecto EmpleaLab, xestionado por Cáritas e financiado polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións a través dos Fondos Next Generation da Unión Europea dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. EmpleaLab é un proxecto piloto colaborativo de inclusión cuxo obxectivo é mellorar a empleabilidade de persoas vulnerables (beneficiarias do Ingreso Mínimo Vital), a través da mellora das súas competencias básicas,

transversais e dixitais para a procura de emprego e o mantemento deste. Ao mesmo tempo, a iniciativa busca facilitar ás empresas participantes a cobertura dos seus postos de traballo vacantes.

Coa colaboración da CEL, a Fundación CEOE está a realizar xa desde fins do mes de marzo un labor de prospección empresarial na provincia lucense, co obxectivo de conseguir acordos de colaboración con empresas e coñecer ofertas de emprego vacantes para facilitar a inclusión laboral, así como para realizar un diagnóstico das necesidades laborais reais que existen na provincia.

## A CEL e Inserta Empleo firman un convenio para fomentar a inclusión da discapacidade



O secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime Luís López, e a directora rexional de Inserta Empleo en Galicia, Beatriz Gallego, asinaron un convenio para fomentar o emprego das persoas con discapacidade. Jaime Luís López afirmou que “dentro das súas liñas de traballo en materia de emprego, a CEL sempre mantivo programas e colaboracións específicas con entidades preocupadas pola inserción laboral de persoas en situación de vulnerabilidade, e Inserta Empleo é unha das entidades que realiza un traballo excelente neste ámbito, coa que a CEL, por tanto, subscribe un acordo que resultará frutífero para a consecución dos obxectivos de ambas as entidades”.

Pola súa banda, Beatriz Gallego destacou a importancia que ten para Inserta Empleo converterse en socio estratéxico dunha entidade do mundo da empresa como a CEL. “En Inserta Empleo traballamos para mellorar o emprego e a formación das persoas con discapacidade, pero somos conscientes de que só non o podemos facer, e acordos como o que acabamos de asinar permítenos compartir re-

ursos e sinerxias con quen ten na súa man o impulso da contratación de persoas con discapacidade”.

O convenio prevé poñer ao dispor das empresas membro da CEL os servizos de intermediación laboral de Inserta Empleo, a realización de accións de formación para o emprego para persoas con discapacidade adecuadas ás necesidades dos membros da asociación de empresarios, e a promoción de estudos sectoriais para identificar posibilidades de emprego para persoas con discapacidade.

Tamén contempla o establecemento dunha estratexia de divulgación, información e asesoramento dirixida para que os integrantes da asociación coñezan as vantaxes da contratación de persoas con discapacidade, os incentivos e beneficios sociais, así como casos de boas prácticas na súa contratación.

En 2022, a entidade de Fundación ONCE conseguiu en Galicia un total de 831 contratos para persoas con discapacidade, orientou a 3.170 persoas demandantes de emprego, e impartido 134 accións formativas para a mellora da empregabilidade nas que participaron 1.620 alumnos.

**HERBÓN**  
DESQUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018  
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS  
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras. Rúa Fontán Rodríguez,  
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

**¡Ven a conocernos!**  
Calle Dinan 1-3, Lugo

**PORTOVET**

CONSULTA DE ESPECIALIDAD

- MEDICINA FELINA
- ODONTOLOGÍA
- DERMATOLOGÍA
- NUTRICIÓN

- MEDICINA INTERNA
- MEDICINA PREVENTIVA
- CIRURÍA
- DIAGNÓSTICO por IMAGEN
- PRUEBAS LABORATORIALES
- Identificación con MICROCHIPS
- URGENCIAS/HOSPITALIZACIÓN
- PELUQUERÍA canina y felina
- CONSULTA A DOMICILIO
- TRANSPORTE A CLÍNICA
- ALIMENTACIÓN
- ACCESORIOS

Cita previa: **982 46 50 65**  
Urgencias: **655 36 97 33**

## Veciños de Coeses reclaman un permiso de fai un ano

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Coeses reclama ao Concello de Lugo a súa intervención para a reparcelación de dúas fincas, unha actuación que se pediu por escrito fai un ano.

Segundo indican, o 14 de xuño de 2022 presentou mediante rexistro electrónico ante o Concello de Lugo unha petición de reparcelación de dúas fincas e así poder cumprir cos metros cadrados mínimos necesarios para poder construír un novo cemiterio na parroquia. Pois a lei esixe unha única parcela con máis de 10.000 metros cadrados para a construción do mesmo.

“Todos os membros desta Comu-

nidade facémonos cargo e somos coñecedores de que o Concello de Lugo é unha administración que ten que xestionar as necesidades de case 100.000 veciños que vivimos en Lugo, pero tendo presentada a petición ante dita administración o 14 de xuño de 2022 consideramos que é un tempo máis que suficiente para dar resposta á nosa petición”, indican.

Polo tanto, piden ao Concello que dea unha resposta á petición de segregación de dúas parcelas no lugar de Portanova, na parroquia de Coeses, “para así poder cumprir cos requisitos necesarios para un novo cemiterio”.



## Obras da estrada de Carballido a Poutomillos

A Deputación de Lugo vén de iniciar os traballos de aglomerado na estrada provincial LU-P-2903, a que comunica Carballido con Poutomillos por Santalla de Bóveda, no concello de Lugo. Uns labores que forman parte dun proxecto de renovación da vía para o que a institución provincial destina 120.000€. Estes traballos de aglomerado, que afectan ao treito

da estrada comprendido entre os puntos kilométricos 5,7 e 7,7, dan continuidade aos xa realizados de reapertura das cunetas, eliminando a vexetación e os aterramentos, ademais da drenaxe nos pasos salvacunetas para garantir a evacuación das augas. Unha vez quede rematada a fase de pavimentación, porase a sinalización con marcas viais brancas.

**erika pilates center**

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto  
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo  
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es  
[www.erikapilates.es](http://www.erikapilates.es)

## Asociacións veciñais elaboran unha lista de peticións ao Concello

Representantes das asociacións veciñais da Zona Rural do Concello de Lugo, que son membros da directiva da Federación de AA. VV. de Lugo Lucus Augusti (San Mamede dos Anxos, Ombreiro, Cámparas Galegos, Santa Cristina de San Román e San Mamede de Ribas de Miño), así como o presidente e o secretario da Federación Veciñal, Jesús Vázquez Varela e Luís Abel Fernández, e o Vicepresidente responsable das Asociacións de Veciños do Rural, Anxo José Rodríguez Abuín, reuníronse con asociacións de veciños da zona sur-oeste (Esperante, Os Seis Muíños de Lamas, Monte de Meda e Santa Eufemia de Calde).

Nesta reunión chegaron a un consenso xeral entre todas as asociacións presentes para facer unha serie de propostas (apoiadas todas pola Federación Veciñal), aos tres grupos políticos con representación na actual corporación.

Reclaman en primeiro lugar saneamento e abastecemento de auga no rural. As asociacións presentes mostráronse favorables a que se recupere o investimento de 70% Xunta de Galicia e 30% Concello de Lugo, para acometer as obras de abastecemento e saneamento, esta porcentaxe foi acordada no seu día.

“Cónstanos que hai 5 proxectos na actualidade sobre saneamento do Concello de Lugo preparados, (habería que actualizar os orzamentos) e que están pendentes de financiamento. Tamén propoñemos, que todo o recadado polo Canon da auga nos recibos que pagan os lucenses que viven no Concello de Lugo, de-



díquesse na súa totalidade ao abastecemento e saneamento dentro do propio concello de Lugo. Nos últimos anos, o Concello de Lugo, recadou máis de 11 millóns de euros en concepto de Canon da auga, que foron transferidos á Xunta de Galicia e dos cales non foron investidos nin un só euro en obras de saneamento no propio concello de Lugo”.

Esperan que “se axilice e execútese o compromiso da Xunta de Galicia de colaborar significativamente no proxecto de saneamento da Parroquia de Esperante”.

Tamén sobre o bus urbano, as asociacións presentes, co apoio da Federación Veciñal, solicitan que se estenda o actual servizo de Bus Urbano ata Monte de Meda.

Nun terceiro punto insisten na legalización das naves industriais da Estrada de Santiago e a súa consolidación como zona industrial. “Proceso que entendemos está a levar a cabo o equipo de goberno”.

Tamén recoñeceron avances na cobertura de telefonía e internet na zona sur-oeste do Concello de Lugo, pero piden maior velocidade no ac-

ceso a internet. “É necesario para as explotacións agrícolas, nas vivendas, nas comunicacións con Cruz Vermella para as persoas dependentes con pulseiras de teleasistencia e ten que estar constantemente conectados”, din. Reclaman que se solicite a Begasa que permita a utilización dos postes de luz da súa propiedade a outras compañías.

Reclaman tamén incrementar de forma significativa os orzamentos e o persoal adscrito á Zona Rural e insisten en que o vello Hospital de Calde “é un sitio idóneo para acoller unha Residencia de Maiores. Unha Residencia de Maiores en Calde sería compatible con colectivos de enfermos de Alzheimer, Saúde Mental, etc.”.

Conclúen coa petición de revisión do PXOU e expoñer o 5% recentemente aprobado. “A percepción de todas as Asociacións presentes é que hai excesivas dificultades e longos tramites para construír na Zona Rural do concello de Lugo e que moitas persoas fan naves ou vivendas en concellos limítrofes porque hai maior permissibilidade”, din.

**Bico Integral**

CONSULTA DE NUTRICIÓN CLÍNICA

Estamos enfocados en una alimentación **consciente y no centrada en el peso**.  
Nuestro objetivo es que consigas una **buena relación con la comida** y ayudarte a mantener unos **buenos hábitos** que se adapten a tu estilo de vida.

Porque **aprender a cuidarte** es **aprender a quererte**.

Información:  
☎ 604 117 812

Conócenos y pide cita en:  
✳ Doctoralia : Susana Viso

📍 Círculo das Artes, 1B LUGO

# A MAXIA DAS PARROQUIAS

## San Vicente de Coeo

**Pola parroquia transcorre tamén a Vía Küinig, unha variante do Camiño Francés que pasa pola cidade**

A parroquia de San Vicente de Coeo está situada a uns dez quilómetros ao sueste da capital lucense e preto das parroquias de Recimil e Santa Comba. Composta por seis núcleos de poboación denominados Coeo, Corvelle, A Estrada, Marce, Quintela e Ponte do Vao conta na actualidade conta total de 135 habitantes segundo o Instituto Nacional de Estadística no que 69 son homes e 66 mulleres. Coeo é o núcleo que aglutina un maior número de poboación cun total de 53 habitantes fronte ao núcleo de Marce no que tan só viven seis persoas. A igrexa parroquial de Coeo está adicada ao San Vicente e posúe unha estrutura peculiar xa que consiste en dúas naveas unidas que noutros tempos tiveron entradas independentes. Así dende a igrexa parroquial de San Vicente existe unha conexión coa Capela das Ánimas e do Rosario posuíndo esta construción dous altares. A igrexa de San Vicente de Coeo conta cunha ampla nave con cuberta de lousa a dúas augas cunha cornixa corrida e acanala. Esta construción está realizada con perpiaños de granito e ten na súa fachada principal unha porta

alintelada con moldura e unha fiestra e na parte máis alta o campanario. O presbiterio é máis reducido pero ten unha mesma liña de cuberta ca nave principal, cunha terceira vertente na parte posterior e un arco de medio punto de acceso. No interior desta igrexa pódense atopar varios retablos e esculturas sendo o retablo maior da época neoclásica e datado de 1855 onde está a figura de San Vicente. No lateral esquerdo e tamén con trazas neoclásicas, datado de 1875 está o retablo da Virxe e no lateral dereito de estilo rococó e do ano 1757 unha figura de San Ramón. A Capela das Ánimas e do Rosario ten un amplo acceso con enreixado de ferro través da nave principal da igrexa e conta cun pavimento de laxas de lousa. Nos laterais hai dous grandes lenzos de mais de dous metros de alto e de ancho, no primeiro pódese apreciar unha representación da fuxida de Exipto e no segundo a aparición de anxos a un santo. No presbiterio desta capela, baixo un arco, atópase un mural representando a Cristo no calvario e baixo outro arco de menor



tamaño un retablo dourado, con dúas columnas salomónicas cunha representación presidida por Cristo e o Pai Eterno en relevo, dentro dun marco a Virxe do Carme cun grupo de ánimas tamén en relevo e pintado, unha representación infernal. No lateral dereito cun amplo acceso a través dun arco de medio punto está situada a sacristía, con pavimento de madeira e pedra. Este conxunto eclesiástico conta no seu exterior cun cemiterio e tamén cun peto das ánimas, un pequeno santuario situado no exterior da igrexa que serve para que os vivos poidan ofrecer unha esmola para a salvación das almas que se atopan no Purgatorio. Unido a este patrimonio cultural pola parroquia de Coeo transcorre tamén a Vía Küinig, unha variante do Camiño Francés que pasa pola cidade de Lugo tras desviarse en Herrerías de



Valcárcel. A etapa que pasa por esta parroquia é a que transcorre entre O Corgo e a cidade a amu-

rallada e que consta dun total de 19 quilómetros para realizar en aproximadamente catro horas.

**¡YA PUEDES RESERVAR TUS LIBROS DE TEXTO PARA EL PRÓXIMO CURSO!**  
Admitimos vales de la administración

**Librería Troll**

Síguenos en  

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500  
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

**HONDA XL750 Transalp**

 **Motolugo**  
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

**TRANSALP**  
Las montañas te llaman.

Camino Real, 125. 27004 Lugo  
Telf: 982 21 57 31  
Móvil: 698 17 91 81

## A Xunta non autoriza a zona de baño pola presenza dos mexillóns

A Xunta sinala que o informe que remitiu o Concello de Lugo á Delegación Territorial “non fai máis que ratificar as conclusións dos múltiples informes elaborados polo Servizo de Patrimonio Natural da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, polo tanto, o forte impacto ambiental que tería a instalación das piscinas fluviais nesta zona do río Miño, polo que resulta imposible atender a solicitude feita polo Goberno local”.

Aseguran que a presenza na zona de baño dun número considerable de exemplares destas dúas especies de mexillón de río protexidas -entre 20.000 e 22.000 exemplares de *P. Littoralis* e entre 4.000 e 5.000 de *U. Delphinus*- valida plenamente as conclusións dos informes desfavorables emitidos por técnicos de Patrimonio Natural.

“Esta estimación veríase incrementada, nun número de exemplares non cuantificado, coa poboación de xuvenís e adultos de pequeno tamaño que se encontran completamente enterrados no substrato e que, como consecuencia, non puideron ser detectados na prospección”, din. Ademais, o Servizo de Patrimonio Natural sinala que se incumprirían as prohibicións que se derivan da inclusión destes dous tipos de mexillóns no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, xa que a instalación das infraestruturas para a zona de baño implicaría a perturbación do medio natural durante os vindeiros 25 anos e os seus períodos reprodutivos, que no caso de ambas as dúas especies abranguen de marzo a outubro.

“Unha das cuestións nas que incide a Dirección Xeral de Patrimonio Natural é que na documentación aportada polo Concello de Lugo non se acredita debidamente a inexistencia doutra solución ou alternativa á proposta do Goberno municipal. Ademais, fai fincapé en que tampouco se fai referencia a cales serían as circunstancias que xustificarían a excepcionalidade ás prohibicións e medidas de protección e conservación establecidas para estas especies na lei, entre as que figura a súa traslocación”, engaden.

Outro dos aspectos recollidos no informe remitido polo Concello de Lugo é que “a zona de baño presenta profundidades máximas próximas a 3 metros de profundidade, con máis do 60% da área con profundidades superiores á 1,5 m”. Tal información obtense das prospeccións feitas pola empresa nos meses de maio e xuño de 2023, das que se deduce que na zona elixida para a instalación das piscinas unha porcentaxe significativa da canle ten unha profundidade inferior a 1,5 metros.

Estiman que esta porcentaxe, previsiblemente, verase incrementada na época de maior estiaxe, provocando que as instalacións flotantes se apoiem, nalgún momento, no leito do río, circunstancia que se considera inadmisíbel polo dano ambiental que provocaría.

“Por conseguinte e en base aos datos aportados polo Concello e ás conclusións dos informes realizados polo propio Servizo de Patrimonio Natural, resulta imposible atender a proposta do Goberno local.

## Arroxo anuncia a finalización da peonalización de Camiño Real

O tenente alcalde e responsábel de Mobilidade, Rubén Arroxo, achegouse ata a rúa Camiño Real, onde avanza os traballos de peonalización do treito comprendido entre a rúa Concepción Arenal e a Ronda da Muralla. Rubén Arroxo anunciou que “en poucos días a veciñanza poderá desfrutar desta obra rematada, creando unha nova zona peonil na contorna da Muralla, e avanzando na recuperación de espazos na zona norte do monumento”.

O tenente alcalde destacou que esta nova zona contará con árbores que permitirán crear unha zona de paseo de sombra “facendo máis agradable a estancia na vía pública durante os meses de máis calor, e avanzando no obxectivo de crear zonas de paseo con sombra en todo o tecido urbano de Lugo”.

Arroxo destacou que as actuacións executadas pola Tenencia de Alcaldía “buscan aumentar a cantidade de árbores sempre que é posible”. O Goberno de Lugo traballa para “crear un gran pulmón verde nas rúas de Lugo”, que permite mellorar o benestar da veciñanza ao reducir a temperatura do pavimento e “axudar a paliar os efectos do cambio climático”.

**ASFALTADO.** O Goberno de Lugo continúa coa renovación dos espazos públicos cun novo asfaltado na Avenida das Américas no treito entre a rúa Pomar e a Fonte dos Ranchos. A solución executada pola Concellería de Infraestruturas consiste na creación dunha nova baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo



do que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, renovarase a sinalización horizontal. Tamén se renovou o asfalto dunha das rúas do interior do Parque da Milagrosa. Arroxo explicou que se actuará nun treito duns 120 metros “que está nun avanzado estado de desgaste, e que precisa dunha intervención integral para garantir o bo estado dunha das instalacións municipais que máis visitantes reciben cada día”.

**ISAAC DÍAZ PARDO.** A Xunta de Goberno adjudicou a segunda fase da renovación integral da rúa Isaac Díaz Pardo, no barrio de Recatelo. Arroxo explicou que “neste 2023 continuamos coa renovación integral de Re-

catelo, completando a zona peonil que comunica o centro da cidade co Parque de Rosalía, e mellorando as instalacións públicas e a calidade de vida das veciñas e veciños”.

As obras que anunciou o tenente alcalde consisten no segundo treito da obra, ubicada entre as rúas Avelino Pousa Antelo e Cidade de Viveiro, “un treito que por cuestións orzamentarias non puido incluírse na primeira fase das obras”, explicou Arroxo. Os traballos consistirán na renovación do saneamento e da recollida de augas pluviais, ademais das instalacións de alumado e telecomunicacións. A pavimentación dará continuidade aos treitos xa peonalizados na primeira fase, e instalarase tamén novo alumado.

## Adega presenta alegacións á obra de renovación de Santo Domingo

Adega Lugo vén de presentar no Concello de Lugo alegacións ao proxecto Corazón verde entre murallas praza de Santo Domingo e rúa do Teatro, tramitado, como indican, “sen ningún tipo de participación pública, que aumenta o espazo destinado aos vehículos destruíndo unha das poucas zonas verdes existentes dentro de murallas, con grande significación para o movemento feminista e a cidade, e que promove entre outros aspectos a privatización do espazo público”.

No proxecto propónse desdobrar a única vía de circulación de vehículos,

para o que é preciso eliminar todo o espazo vexetal axardinado “polo tanto estase aumentando o espazo destinado ao tráfico en detrimento das zonas verdes”, explican.

Afirman que segundo o Plan de Sustentabilidade do Sistema Urbano do Eixo Atlántico, editado sendo presidenta do organismo a alcaldesa de Lugo Lara Méndez, deben existir zonas verdes accesibles de uso cotiá a menos de 300m da poboación, e ás que hai que chegar en menos de 5 minutos camiñando. A praza de Santo Domingo, diante do Convento das Agustinas Recoletas, cumpre

cos criterios establecidos no documento.

Explican nas alegacións que ademais de non ter en conta as consideracións da normativa municipal con respecto á Protección Ambiental, o Concello segue apostando por pavimentos impermeábeis e pola redución dos espazos con vexetación tanto na obra nova como nas obras de rehabilitación e renovación de espazos urbanos. “Ademais, estase promovendo por un lado a privatización do espazo público mediante a instalación de terrazas destinada á hostalaría”.


**PROYECTOS CONSTRUCTIVOS RÍO MIÑO S.L.**  
Estrada Coruña 132 -27003 Lugo www.occhipelle.com  
tlfno: 982 21 52 20 - 609 80 26 48

reforma - construcción - diseño



## O Mitma reconstruirá xa as dúas plataformas do viaduto do Castro

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana (Mitma) asinou a modificación e ampliación da declaración de emerxencia para a reconstrución do Viaduto do Castro da autovía do nordés A-6, para, así, iniciar xa as obras na calzada sentido A Coruña. Desta forma, a reconstrución das estruturas de ambas as calzadas executarase de forma coordinada, compatible e eficiente. Con iso, mantéñense as previsións dadas por este Ministerio de posta en servizo da calzada sentido Madrid a finais de 2023, cuxas obras xa comezaron, mentres se executa o viaduto da calzada sentido A Coruña cun pequeno desfasamento temporal, permitindo, ademais, un adianto na súa finalización e posta en servizo ao longo de 2024. Desde o principio, o Ministerio afirmou que estivo traballando para poder reconstruír as dúas pontes o máis rápido posible e declarar a



emerxencia da segunda obra para restablecer a circulación nas condicións habituais na autovía A-6, tras o colapso do viaduto o pasado verán, "respectando sempre os máximos criterios legais, técnicos e de seguridade".

Mitma ampliou a declaración de emerxencia das obras tras recibir o informe favorable da inspección solicitado pola Dirección Xeral de Estradas (DGC). Devandito informe forma parte do procedemento para poder ampliar a emerxencia e, agora, vén defender a postura que mantivo este Ministerio en todo momento:

a idoneidade de realizar as obras de desmonte e reconstrución de ambos os viadutos en paralelo.

O Ministerio afirma que non declarou a emerxencia de ambas as actuacións desde o principio porque non dispoñía do respaldo administrativo necesario para poder contratar unha obra sen licitación aberta. De feito, inicialmente, a inspección non recomendaba realizar a emerxencia das dúas obras ao non velo necesario. Segundo avanzou a obra púidose profundar nesta análise de modo que finalmente púidose confirmar a viabilidade da proposta de Mitma.

## A Xunta reclama ao Concello que aclare cales son os terreos que oferta para as vivendas sociais

A Xunta insta unha vez máis ao Concello de Lugo a comunicar canto antes as parcelas que oferta para construír as vivendas de promoción pública que inicialmente estaban previstas no barrio do Castiñeiro, "ante a necesidade de acadar unha solución definitiva que permita axilizar os prazos de execución". O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, explica que despois das dúas reunións de carácter técnico que mantiveron en maio as administracións autonómica e local para tratar os termos do convenio de colaboración que regulará a permuta dos terreos, a Xunta segue á espera de que o Concello "concrete onde quere que se fagan as novas vivendas e achegue as observacións que considere oportunas para incorporar á proposta de acordo". Apuntou que o Goberno leva meses pedíndolle de forma reiterada á entidade municipal que aporte unha localización alternativa, e acaba de facelo de novo a través do director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), Heriberto García, que vén solicitarlle por escrito á alcaldía unha resposta "no prazo máis breve posible", para permitir que a tramitación do proxecto avance. Nas xuntanzas mantidas en maio, o Concello de Lugo aceptou a proposición inicial da Xunta de asinar un convenio patrimonial que permita permutar a parcela do Castiñeiro.

## Veciños da Milagrosa quéixanse da presenza de ratas nun solar

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa está a recibir numerosas queixas de establecementos e de veciños de Camiño Real de contorna ao número 159.

Nesta zona, hai un solar sen edificar "que no seu día foi propiedade da Xunta de Galicia e que na actualidade non sabemos se segue sendo dela ou dalgún particular", que expón uns problemas sanitarios graves, xa que "nos consta que hai ratas de gran tamaño, que mesmo hai establecementos que se queixan, de que estes roedores de gran tamaño tentaron

entrar nos seus bares ou mesmo en portais de comunidades".

Por iso solicitan da Concellería de Medio Ambiente que se identifique ao propietario do solar, e que se lle obrigue a manter este nas debidas condicións. Ademais, que por parte do Concello se proceda a desratizar o mencionado solar.

"Preto deste solar atópanse os contedores de lixo, e por tanto é un foco de insalubridade xa que as ratas diríxense aos contedores, non pretendemos que se saquen os contedores, só pedimos que se eliminen as ratas", explican desde o colectivo.

## Arrinca a obra dun novo estacionamento gratuito no HULA



A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, supervisou o inicio dos traballos para habilitar 340 novas prazas de estacionamento gratuito na contorna do HULA.

A actuación, adxudicada á empresa Excavaciones J. Carreira, suporá un investimento municipal de 156.902 euros, cos que o Goberno local pretende construír un novo aparcadoiro nas inmediacións do centro sanitario.

"Buscamos, así, atender as demandas da veciñanza que segue atopando elevadas as tarifas do parking soterrado", apuntou a rexedora ao tempo que lembrou que o recinto ocupará dúas parcelas que no seu conxunto suman 11.510 m<sup>2</sup> con capacidade para máis de 300 vehículos.

A nova área de estacionamento contará con dous accesos: se procurará unha entrada ao recinto polo extremo norte, a partir da vía asfaltada, colocando filas dobres de aparcamento en batería paralelas á rúa Doutor Ulises Romero, no caso do predio da derei-

ta; mentres que no da esquerda optouse por distribuír as prazas de forma paralela ao camiño de acceso, conseguindo con esta organización 340 prazas de 5x2'50 metros.

"A intervención procurará, na medida do posible, atender as necesidades que nos comunica a cidadanía e que, neste caso, queren paliar o elevado custo que segue a ter o parking do Hospital e que obriga a profesionais sanitarios e pacientes a buscar alternativas na vía pública", apuntou Lara Méndez.

A alcaldesa lembrou que, actualmente, ao redor do complexo hospitalario hai xa máis de medio milleiro de aparcamentos de balde, logo de que o Concello repintase as marcas viarias que circundan o HULA para gañar 150 espazos, aos que cómpre sumar as 363 prazas que se habilitaron no parking creado xusto diante das instalacións e que agora se verán incrementadas noutras 340 máis.

**MONTAJE DE MUEBLES**

**Lito**

**MUDANZAS**

Decoración • Reformas • Pintura  
Montaje de muebles

**602 417 542**

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

**MÁSMÓV!L**

**NEGOCIOS**

SERVICIOS INMOBILIARIOS  
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS  
SEGUROS GENERALES

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**  
Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo  
 628 126 720 - [info@valireylugo.com](mailto:info@valireylugo.com)

## A FONDO

# Unha linguaxe case universal

José Montes é o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, quen nos amosa a súa visión desta sinalización

O pasado 2 de xaneiro entrou en vigor o proxecto do Real Decreto para modificar e actualizar o Regulamento Xeral da Circulación, que inclúe a modificación, actualización e renovación de sinais de tráfico, co fin de adaptarse ás novas circunstancias de mobilidade e das sociedades das cidades actuais, nas que peóns e vehículos teñen que convivir, cada vez máis, en harmonía.

Así, eliminaranse sinais que a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) considera inservibles, actualizaranse outras cambiando de deseño ou de topografía e incorporaranse tamén algunhas sinais que ata o de agora non estaban presentes nas diferentes vías de circulación pero que agora, cos novos cambios sociais, son necesarias.

Unha das novidades desta iniciativa é que a nova sinalización ampliará o seu campo de actuación, estendendo estas a toda a rede de estradas do país, mentres que cumpre o obxectivo de mellorar a seguridade dos usuarios nas vías, así como facilitar a visibilidade e a comprensión das mensaxes das sinais.

Estes cambios non se introducirán aínda, xa que entrou en vigor o proxecto do Real Decreto, pero aínda non se aprobou o cambio do Regulamento Xeral da Circulación, que se leva a cabo a través dunha lei orgánica. Cando se aprobe e se publique esa lei orgánica no Boletín Oficial do Estado,

## Os sinais novos e actualizados serán unha realidade nas cidades e nas vidas dos condutores e peóns

ademais, tardará tres meses en entrar en vigor, tal e como defende José Montes, presidente da Asociación Galega de Autoescolas (Agada) desde novembro de 2021.

Nesta asociación, o obxectivo, tal e como explica o lugués Montes, "é defender os intereses comúns das autoescolas e, no día a día, é estar en contacto coas xefaturas provinciais de tráfico para comunicarlles os cambios que hai".

Na súa opinión, é algo "positivo que se actualicen os sinais", xa que "se se actualizan as normas, téñense que actualizar tamén as sinais, que sempre quedaron nun segundo plano e hai algunhas antigüísimas, como o sinal do paso a nivel con barreiras, que a cancela que aparece aí, hoxe en día, non ten sentido", argumentou.

### VIDA DOS LUGUESES

Segundo o presidente da Asociación Galega de Autoescolas, "todos os cambios son para ben" no caso desta renovación das sinais de tráfico, pero hai algunhas que destacou. Por exemplo, a do xabaril, xa que ese animal "está por todos lados en Galicia e é moi importante que se saiba nos tramos onde hai máis, aínda que nunca é suficiente", defendeu José Montes.

Por outra parte, comenta que en Lugo cidade está moi á orde do día o sinal dos patinetes eléctricos, así como o resto de sinais que se refiren a este vehículo e á bicicleta, como a do carril bici, que "agora temos un en Lugo e é importante sinalalo", comenta. "Cada vez hai máis carril bici e a min paréceme ben porque é un vehículo alternativo que contamina menos e que ademais é moi saudable".

Como novidade, o sinal R-120 indica o acceso a Zonas de Baixas Emisións, que se programou para cidades de máis de 50.000 habitantes, polo que Lugo será a única localización da provincia que se aterá a esta nova estrutura de circulación. Así, será o recinto interior da Muralla o que prohibirá o paso a coches que non leven a etiqueta B, C, ECO ou 0 Emisións. "A intención é que as cidades teñan menos contaminación, polo que me parece ben, os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio", explicou José Montes. No caso de non ter esta etiqueta e entrar no casco histórico lucense, os condutores poderán ser multados cunha sanción de 200 euros.

### SINAIS NECESARIOS

Cada lugar, xa sexa cidade, vila ou aldea, ten a sinalización que lle corresponde segundo as necesidades da sociedade que



vive nela, xa que non é o mesmo entrar na parroquia de Ponte de Lúzara en Samos que en Viveiro, polo que a sinalización para a boa circulación de vehículos en convivencia cos peóns depende do tipo de vida das súas xentes.

No caso de Lugo cidade, hai moitas sinais que determinan o tráfico, pero, segundo a opinión do presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, José Montes, Lugo necesitaría rotondas sinaladas, é dicir, as famosas turborrondas, xa que as rotondas en Lugo "son un gran problema", tal e como apuntan moitos habitantes e sinala o presidente da Asociación Galega de Autoescolas en Lugo, José Montes.

Alguns apuntan ao mal uso que se fai delas por descoñecemento, por falta de interese, por falta de civismo... pero Montes apunta a que a Lugo as rotondas chegaron máis tarde que a outros lugares, polo que "ese feito acrecentou a problemática do mal uso das mesmas".

Así, apunta a que é "sinxelo, aín-

da que ás veces a xente non interpreta ben as cousas", di con respecto a que non saen ben da rotonda. Explica que, "fóra de poboado, circúlase pola dereita, e se é dentro, poderías circular indistintamente, pero nunca podes saír do carril esquerdo cara a saída da dereita. A rotonda é redonda, pero se collemos unha tixola e cortamos a rotonda e facémola unha vía recta, a ninguén se lle ocorrería ir circulando pola esquerda e querer saír desde aí a unha saída pola dereita. Nunca podes saír de dentro para fóra. Se vas utilizando o carril da esquerda adiantando e ves que vén a túa saída, das outra volta", argumenta.

Por todo isto, Montes cre que unha forma de solucionar o problema sería instaurar en zonas concretas de Lugo que suman varios accidentes ao ano, como as do alto de Garabolos, as rotondas sinalizadas horizontalmente e cun sinal vertical específica destas glorietas, que xa están implantadas en outras cidades galegas, como Vigo.

"A intención é que as cidades teñan menos contaminación.

Os vehículos teñen que existir, pero antes existimos as persoas e ten que haber un equilibrio"

# Novas necesidades, novos sinais

A Dirección Xeral de Tráfico, DXT, introduce novos sinais de tráfico e moitos deles están dedicados aos novos vehículos que tamén deixarán de ser visibles varios sinais das vías de circulación. No caso das que se actualizarán, son por motivos como son as bicicletas e os patinetes eléctricos, mentres outros de tamaño, tipografías ou inclusión.



O cambio na sinalización da circulación, tal e como explica Ana Blanco, subdirectora adxunta de Circulación na DXT, ten como finalidade adaptarse á mobilidade de hoxe, adecuando aspectos de sinalización a cambios no ámbito da mobilidade, sobre todo con respecto ás modificacións da tecnoloxía dos vehículos, como os patinetes eléctricos, presentes xa asiduamente na nosa vida. Ademais, esta sinalización tamén ten como obxectivo mellorar a comprensión das sinais por parte de todos os usuarios das vías

para garantir a seguridade viaria e os desprazamentos eficientes. Desta maneira, “a sinalización será o instrumento básico para a seguridade viaria, de forma que transmita información de forma sinxela sen xerar mensaxes ou significados confusos”, como sinalan os principios da Convención de Viena.

Por último, outro obxectivo que ten este novo cambio é unificar a sinalización urbana, xa que anteriormente cada cidade tiña aprobada unhas sinais, é dicir, cando un responsable autonómico vía

unha necesidade de sinalización no seu lugar de actuación, idealmente un sinal propia e distinta a doutros municipios.

En total, a Dirección Xeral de Tráfico introduce arredor de 130 modificacións, que se refiren a introducións de novas sinais, actualizacións de sinais en canto á súa tipografía, tamaño e deseño; e tamén desaparecen algunhas sinais. Aquí trataremos as máis novas e as que formarán parte da nosa vida diariamente. Estas sinais verticais que aparecen novas, desaparecen ou cam-

bian convivirán, probablemente, con sinais horizontais que quizais, durante un tempo non se corresponden coa novidade, polo que, en caso de atopar un sinal vertical e un sinal horizontal no mesmo lugar, ¿a quen debemos facerlle caso?

A orde de prioridade entre sinais é a seguinte: os axentes da autoridade responsables do tráfico están na cúspide da orde da circulación, polo que se hai un axente indicando algo contradictorio a un sinal vertical ou horizontal, deberáselle facer caso á

autoridade. En segundo lugar, as sinais que máis mandan son as circunstanciais ou de balizamento, que indican unha orde temporal por causas xustificadas, como as dunha obra. En terceiro lugar, están os semáforos e, despois, as sinais verticais, ás que debemos atender antes das horizontais ou tamén chamadas marcas viarias, que están por debaixo en prioridade das verticais, son as últimas ás que debemos atender, aínda que, se son as únicas, é imperativo cumprir o seu mandato.

## Algúns dos novos sinais:

- **S-1b**, indica o principio dunha estrada con varios carrís.
- **Sinal S-1c**, sinala o principio dunha estrada 2+1, é dicir, a que consta de tres carrís de circulación e permite a circulación en ámbolos dous sentidos.
- **S-45**, mostra que hai un carril bici nunha zona urbana.
- **S-46**, sinala un paso de peóns compartido con ciclistas.
- **R-118**, prohibe a circulación de patinetes eléctricos.
- **R-119**, non permite a circulación de patinetes eléctricos e bicicletas.
- **R-120**, indica unha Zona de Baixas Emisións (ZBE) para prohibir a entrada e circulación a vehículos en función do seu distintivo ambiental (B, C, ECO ou 0 Emisións).
- **R-420**, apunta a unha vía reservada para patinetes eléctricos e os usuarios destes vehículos deben circular por ela.
- **R-421**, ordena aos patinetes eléctricos e ás bicicletas súa circulación por ela de maneira compartida.
- **R-422**, obriga aos condutores dun vehículo de mobilidade persoal, patinetes eléctricos, bicicletas ou monociclos, a baixarse e andar ata que a sinal se anule.

- **Sinal P-1**, avisa dun perigo pola proximidade dun tramo no que existen varios accesos directos á vía.
- **Sinal P-20c**, indica a presenza dun paso para peóns e ciclistas.
- **Sinal S-63b**, sinala unha bifurcación no centro dunha calzada de tres carrís do mesmo sentido, dando lugar a catro carrís, dous do lado esquerdo e dous do lado dereito para que os condutores poidan situarse con antelación no carril máis axeitado ao seu destino.

## Algúns dos que cambian de deseño:

- **STOP**, cambia a súa tipografía para aparecer máis grande e así mellorar a visibilidade.
- **P-8**, anuncia un paso a nivel sen barreiras e cun deseño máis moderno da locomotora.
- **P-20a**, indica a proximidade dun paso de peóns nunha sinal triangular vermella.
- **P-21**, indica perigo por proximidade dun lugar frecuentado por nenos, na que a sinal puxo á figura feminina por diante do neno, como garante de igualdade.
- **P-21b**, indica perigo por proximidade de zona na que circulan persoas maiores, e neste caso é o mesmo que a anterior, cambia a orde de colocación das persoas, pasando a figura feminina adiante e a masculina

na detrás.

- **P-22a**, mostra un paso para ciclistas e alerta da existencia de perigo.
- **P-24a**, refírese á presenza de animais na calzada, que antes estaba representada cun cervo e agora cambiouse a un xabaril por ser o animal que máis aparece nesas zonas.
- **P-33**, indica un tramo de visibilidade reducida, unha sinal na que se verá un coche penetrándose en zona de visibilidade reducida.
- **P-35**, advirte da proximidade unha bifurcación na que os vehículos cruzan as súas traxectorias.
- **Sinal S-47**, indica unha zona de circulación que está destinada en primeiro lugar aos peóns e na que se as normas de velocidade máxima de vehículos de 20 km/h, a circulación será compartida entre vehículos, ciclistas e peóns, pero estes últimos teñen prioridade; e os xogos y deportes non están autorizados.
- **Sinal S-992e**, informa da distancia mínima entre vehículos que hai que manter mediante balizas luminosas nun tramo onde se perde a visibilidade.

## Algúns dos que desaparecen:

- **R-308a**, prohibía estacionar os días impares.
- **R-308b**: prohibía estacionar os días pares.

# “A nosa actividade principal é a venda de recambios usados”

Jorge Fernández Herbón, xerente de Desguaces Herbón, de Lugo

Desguaces Herbón conta con trinta anos de experiencia no sector, falamos con Jorge Fernández Herbón sobre os seus comezos e a actualidade da empresa.

**Cando comeza Desguaces Herbón?**

Con Desguaces Herbón comezamos en outubro do ano 1993 nunha nave na estrada de Vega-deo. Estivemos alí ata o ano 2000, que nos trasladamos ao Ceao. Actualmente no parque empresarial contamos con dúas naves e estamos tamén no polígono industrial das Gándaras. A idea de montar esta empresa nace a raíz de que eu traballei como xefe de recambio na BMW e deime conta de que despeizando un coche e obtendo as diferentes pezas que o forman era posible facer negocio.

**Como é o traballo dun desguace?** É moi sinxelo, o primeiro paso do proceso é mercar un coche para a

continuación proceder a despezo-lo. Unha vez que se seleccionan as pezas que están en boas condicións e se revisan pónense á venda. Unido a esta actividade principal que é a venda de recambios usados, sendo un centro de referencia na zona noroeste de España, tamén realizamos a xestión, descontaminación e tratamento de vehículos ao final da súa vida útil.

**Como é o proceso de por á venda unha peza?**

O noso proceso de venda é tanto presencial, nos diferentes puntos que temos na cidade, como a través de internet. Unha vez temos seleccionadas as pezas que se poden vender realizamos fotografías e unha pequena descrición para subilas tanto á nosa web como a diferentes plataformas de venda en liña a nivel nacional e internacional. Nós temos presenza en internet dende hai xa sete ou oito

anos e aínda que a venda en rede cada vez é máis importante seguimos vendendo máis en físico. A xente prefere acudir aos locais da súa cidade porque o proceso de adquisición da peza é máis rápido. **Dende os comezos houbo cambios no sector?**

Si, en moitos aspectos. Cando comezamos había menos competencia se antes podía haber quince empresas coma nós agora hai trinta. Ademais agora existen novas liñas de venda como internet, no ano 1998 estaban as páxinas amarelas e ti pagabas por ter presenza en cada cidade, hoxe está todo en internet e cambiou todo o sistema. Nós xa vendíamos a nivel nacional antes, coas páxinas amarelas estábamos presentes noutras cidades e enviabamos as pezas a diferentes puntos de España, agora todo se fai a través da Red.

**Como é o proceso de mercar un**



**coche?**

Pódese realizar principalmente a través de dúas canles, por un lado particulares e talleres e por outro compañías. Na actualidade cando hai un accidente e un vehículo é declarado sinistro acostuman ser as compañías de seguros as que mercan eses coches, por un prezo superior ao que podería ofrecer un desguace porque despois sae a poxa. É dicir, as compañías mercan os coches novos que tiveron un accidente e son declarados sinistros para a continuación realizar

unha poxa na que todos os desguaces compiten por el. Na actualidade hai menos coches e é máis difícil acceder a eles e polo tanto tamén son máis caros. Nós realizamos compra de coche tamén a xente que xa coñecemos ou nos coñecen e a talleres cos que xa traballamos, non é todo e a través das compañías, aínda que cada vez iso vai en aumento e o mercado evoluciona cara aí, en dous ou tres anos é posible que esta compra de vehículos se realice todo a través das compañías.

## Adxudican novos postos na praza de Abastos

A concelleira da área de Participación e Servizos á veciñanza, Cristina López, informou da adxudicación de dous postos na Praza de Abastos e o Mercado municipal, os cales terán unha concesión por vintecinco anos sen prorroga. Os postos adxudicados son o número 24 do Mercado Municipal e os números 24 e 25 da Praza de Abastos, que acollerán respectivamente á cafetería Fados e a cooperativa A Carqueixa, que amplía a súa presenza na Praza de Abastos. Dentro do proxecto presentado pola cafetería Fados inclúese a utilización de produtos procedentes do mercado, e a organización de actividades para a veciñanza.

A Cooperativa A Carqueixa ampliará a súa presenza na Praza de Abastos, completando o círculo de produción que inician coa crianza de vacas en liberdade nos Ancares.

Cristina López destacou o traballo realizado pola área de Participación de cara a dinamizar a Praza de Abastos e o Mercado Municipal. “Hoxe podemos ver estes espazos cheos de vida, ocupados por novas xeracións de vendedoras e vendedores que continúan a achegar produtos de calidade a estas dúas instalacións históricas que contan cun emprazamento totalmente renovado”, afirmou a concelleira.

## O Concello recibe do Mitma unha axuda para rehabilitar 57 vivendas

A alcaldesa, Lara Méndez, anunciou que o Concello de Lugo aprobou, en Xunta de Goberno, a Memoria, correspondente á Fase XVII, do Programa de Rehabilitación no Centro Histórico da cidade, ao abeiro das axudas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – Next Generation.

Nesta convocatoria, – que como até o de agora se xestionará dende a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA) – o Executivo local proxecta rehabilitar un total de 57 vivendas, ubicadas no recinto amurallado. A colaboración suporá un desembolso total de 1.960.691 euros, dos que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana asumirá 997.311 €, o Concello 239.412 € e os promotores particulares 723.967 €.

A rexedora explicou que, “con estas achegas, 35 inmobles poderán reducir entre o 30% e o 45% o seu consumo de enerxía primaria non renovable, mentres que 12 acadarán unha dimi-

nución de entre o 45% e o 60% e 10 edificacións rebaixarán a súa demanda de enerxía por riba do 60%”.

Dende a súa orixe, estas axudas levan contribuído a impulsar a reforma de 636 vivendas (354 nas seis primeiras fases e 282 máis ata a 14 edición) e máis dunha vintena atópanse en tramitación.

A rexedora manifestou o compromiso permanente e absoluto do Goberno municipal por continuar avanzando na humanización e dinamización de todos e cada un dos barrios de Lugo.

“No caso do recinto amurallado, esta obedece a unha recuperación urbanística pero tamén comercial, a través dos viveiros municipais que impulsamos na Tinería e coa que tamén quixemos corrixir a degradación social que lle afectaba á zona. Unha mellora que se fará máis evidente cando conclúan tamén as obras de peonalización proxectadas na contorna e que xa se atopan en curso”, incidiu Lara Méndez.



## Licitan a restauración da Capela da Soidade

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén de licitar obras de restauración e eliminación de humidades na capela da Soidade da Venerable Orde Terceira en Lugo, ás que asigna un orzamento de 186.776 euros.

Os traballos corrixirán os problemas de entrada da auga a través dos muros e do chan. A capela recuperará a súa imaxe primixenia, dado que a mampostería existente non foi concibida para quedar descuberta e provoca boa parte das filtracións.

Así, os muros exteriores serán enfoscados e pintados, en liña coa solución aplicada na torre do campanario e noutras zonas da anexa igrexa de San Pedro na restauración levada a cabo o pasado ano. O enfoscado será a base de morteiro de cal, que permite un bo funcionamento hi-

drométrico dos edificios, con pintura mineral ao silicato. A medida mellorará notablemente o illamento das fachadas.

As zonas de cantería limparanse e reporanse os encintados. Tamén se restaurarán ou substituirán as carpinterías e a cerrajería, retirando os elementos discordantes.

A igrexa está nun nivel máis baixo que o pavimento da rúa, o que provoca filtracións tanto do terreo da contorna como da auga de escorrenta que accede pola porta da sancristía. Para resolvelo, realizarase unha obra de drenaxe exterior, que conducirá as augas recollidas ata o rexistro de saneamento existente no extremo suroeste.

No interior vanse substituír o pavimento e o morteiro do zócalo dos muros.

# DEPUTACIÓN

## Constituído o Goberno provincial con José Tomé de novo á fronte

Xa está constituída a Corporación da Diputación de Lugo logo de que todos os deputados xuraran o seu cargo. Actuaron como mestres de cerimonia o maior, José Pardo Lombao, e o máis novo, Iván Castro.

O PP, como partido máis votado, propuxo como candidato para presidir a institución provincial a Antonio Ameijide, mentres que PSOE presentou a José Tomé Roca e o BNG renunciou a elevar un candidato propio. Trala votación, na que o PSOE contou co esperado apoio do BNG, José Tomé Roca foi nomeado novo presidente.

O PSdeG e o BNG acadaron un acordo marco para facilitar a constitución e a conformación de gobernos compartidos nas Deputacións Provinciais de Lugo e A Coruña. Así figura nun documento pechado entre as direccións das dúas formacións políticas e asinado polo secretario de Organización dos socialistas galegos, José Manuel Lage, e o representante da área de Organización do Bloque, Bieito Lobeira.

Neste sentido, ambas forzas reiteran o seu compromiso coa “desaparición de todo tipo de arbitrariedade, discriminación ou favoritismo” e reafirman que o obxectivo da súa acción de goberno desde os entes provinciais é “garantir a igualdade de servizos básicos para a toda a poboación”.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, dará “un novo impulso ó proxecto de progreso social e económico que temos para a provincia, consolidando para elo a coope-



ración cos concellos como elemento vertebrador de todas as nosas políticas. A Deputación é o Concello dos Concellos. Esta é a miña máxima. Por iso, traballaremos cada día para que esta institución sexa o máis útil posible a cada un dos 67 concellos de Lugo, porque esta é a mellor maneira de ser útiles ós 323.989 veciños e veciñas da nosa provincia, e asegúrolles que os datos demostran que somos útiles”. Así o subliñou José Tomé na súa toma de posesión do cargo durante o Pleno de constitución da nova Corporación provincial, un acto que encheu o Salón de Plenos do Pazo de San Marcos.

Tras un primeiro mandato no que “recuperamos a estabilidade da institución, afrontamos retos inimaxinables naquel momento como a pandemia dándolle asistencia ós concellos e despregamos un ritmo de xestión e execución constante e moi elevado, cunha media do 85% de execución do Orzamento de gasto, o meu compromiso de cara o futuro é facelo aínda mellor”, subliñou o presidente.

### OS DEPUTADOS

#### PSOE

José Tomé Roca, María del Pilar García Porto, Carlos López López, Miguel Fernández Méndez, Pablo Rivera Capón, José María Arias Fernández, Iván Castro Díaz, Mayra García Bermúdez, Francisco Cajoto Caserío e Mari-sol Morandeira Morandeira.

#### PP

Antonio Ameijide, Carmen José López, Demetrio Salgueiro, José Pardo Lombao, Francisco Javier Balado, José Ángel Santos, Jesús Núñez, Javier Varela, José María Fernández, Clemente Iglesias, Armando Castosa e Luis Fernández Guitián.

#### BNG

Efrén Castro Caloto, Iria Castro Fernández e Daniel García Fernández.

## Convenio cos concellos para a súa dixitalización

A Xunta de Goberno en funcións da Deputación aprobou un convenio tipo para que os concellos da provincia se adhiran co fin de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local.

“Dende a Deputación temos feita unha análise inicial sobre cales son as liñas sobre as que traballar, pero queremos que os propios concellos manifesten as súas prioridades máis inmediatas en materia de dixitalización”, detallou a Deputada. Para iso, explicou que se desprazará persoal técnico aos diferentes municipios para coñecer da súa man o punto de partida que hai en cada un de-

les para logo poder darlle resposta cos fondos que cheguen, “que serán repartidos dun xeito moi semellante a como o facemos co Plan Único, é dicir, en base a criterios obxectivos”, concretou García Porto.

No marco deste proxecto, desenvolveranse, entre outras, actuacións para integrar a administración electrónica dos concellos cos servizos da Administración Xeral do Estado, implantar postos de traballo intelixentes que permitan mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia, ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs municipais, aumentando así a transparencia dos concellos.

## Axudas a trinta escolas infantís da provincia

O BOP publicou a resolución da convocatoria de subvencións para o fomento de boas prácticas de silvopastoreo do programa O que non arde, dirixido a gandeirías de ovino, cabrún e porcino.

Unha trintena de gandeirías recibirán as axudas para financiar a instalación e mantemento de peches perimetrais que protexan o gando da fauna salvaxe e outros elementos para a alimentación e o manexo do gando en extensivo. As achegas, que oscilan en función da puntuación nos criterios establecidos, alcanzan

na maioría dos casos os 2.500 euros, a contía máxima asignada por solicitante.

Medio Rural destinou 60.000 euros a esta cuarta edición do programa, que o pasado mes de outubro foi recoñecido como o mellor proxecto de apoio a gandeiría extensiva desenvolvido por unha Deputación a nivel estatal, pola oenegué internacional WWF Adena. O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación de Lugo en relación coa prevención de incendios e a xestión integral do monte.

## A Deputación establece unha canle de denuncias contra a corrupción

A Deputación pon a disposición dos concellos, de xeito gratuíto, a ferramenta de información que esixe a Unión Europea sobre infraccións normativas e loita contra a corrupción, que presentaron nunha xornada.

“Ofrecemos información aos concellos sobre como poden activar a Canle de Denuncias, como é o proceso para realizar comunicacións ou como xestionalo”, asegurou o deputado, quen tamén deu conta aos representantes municipais do convenio tipo que aprobou para que os concellos se adhiran co fin

de poder participar nas accións que a institución vai desenvolver grazas aos 4M€ que captou de fondos europeos para avanzar na dixitalización da administración local. Uns fondos que servirán para mellorar a resiliencia dos municipios, crear oficinas de asistencia en materia de rexistro, implantar un sistema de gravación nos plenos dos concellos da provincia ou mellorar a accesibilidade das páxinas webs dos concellos.

Á xornada asistiron representantes dos concellos de Antas de Ulla, Baleira, Baralla, O Incio, Lánara, Palas de Rei, O Páramo, Pedrafita do Cebre-

ro, A Pontenova, Ribas de Sil e Xermade. Un técnico explicoulles que, en cumprimento do establecido na Lei da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, a Deputación implantou xa este sistema interno de información e que servirá para que os cidadáns poidan informar sobre infraccións penais ou administrativas.

Na páxina web xa se pode acceder a información relevante sobre a Canle de Denuncias, o responsable do sistema, os dereitos do informante e a política de protección de datos.

# Un verán de festa en festa

As localidades da provincia programan na época estival diferentes citas culturais, históricas e musicais

## A MARIÑA

A Mariña cobra especial relevancia durante o verán pola cantidade de festas que se celebran.

Así, nas relacionadas con recreacións históricas destacan a **Festa Normanda de Foz**, que será os días 24, 25, 26 e 27 de agosto, e que rememora a invasión errada dos viquingos sobre o pobo lucense; a **Romaxe Vikinga do Vicedo**, que se celebra na praia de Area Grande o sábado 29 de xullo; o **desembarco de Carlos V ou Mercado Renacentista de Viveiro**, na que as rúas da cidade do Landro trasládanse a outra época do 6 ao 9 de xullo; o **Ribadeo Indiano**, do 7 ao 9 de xullo, unha das citas clásicas do verán e que fai homenaxe ás familias emigrantes que tanto deron á terra galega; o **Mercado Medieval de Mondoñedo**, que chega a súa XXXI edición o 11, 12 e 13 de agos-



to; e o **Mercado Medieval de Alfoz** que adoita celebrarse a mediados de xullo e que conta con espectáculos, música en vivo, exposicións e moita diversión.

O culto á **Virxe do Carme**, o 16 de xullo, está especialmente arraigado nos pobos da Mariña coma Foz, O Vicedo, Burela, Ribadeo e Viveiro, que celebran vistosas procesións marítimas en homenaxe á patroa.

A comarca tamén conta coas exaltacións gastronómicas como a **Feira do Bonito de Burela** na que é posible degustar este peixe de variadas formas, á vez que se pode visitar no porto o barco-museo. Esta cita é a primeira fin de semana de agosto.

O porto de Celeiro convértese a mediados de xullo no escenario onde se rende homenaxe á raíña das súas capturas coa **Festa da pescada do pincho de Celeiro**. A lonxa acolle a degustación deste peixe capturado de xeito tradicional con anzol.

Na **Festa do Percebe de Rinlo**, que adoita celebrarse a primeiros de agosto malia que depende das mareas, os asistentes poden degustar este exquisito crustáceo a prezos inmejorables.

A primeira fin de semana de agosto, Barreiros rende homenaxe aos seus fillos emigrados que adoitan retornar á súa terra de orixe polo menos durante o verán. Así, no **Festival Internacional do Emigrante**, a alegría está asegurada coa queimada, os petiscos e a música de diferentes agrupacións folclóricas.

Coincidindo co Día da Gaita Galega, o 4 de agosto, o miradoiro de Santa Cruz, no monte de Ove, acolle a **Romaría de Santa Cruz de Ribadeo**, unha tradicional xira animada por grupos de gaitas e ofrendas florais.

As **Festas de San Lourenzo de Foz**, o 10 de agosto, son as festas por excelencia da vila focega, cuxa poboación se multiplica en agosto grazas á afluencia de veraneantes. Están amenizadas por orquestras, pasacalles, e grupos folclóricos, unha feira de mostras e un torneo de fútbol. O sábado 12 de agosto, San Cibrao

enxalza a súa cultura mariñeira recreando a lenda da súa famosa serea coñecida como **A Maruxaina**. Neste día, a xente do mar porta polas rúas á serea nunha procesión que culmina na praia do Torno, onde se lle realiza un particular xuízo que termina co seu indulto.

A **Queimada Popular de Cerro**, que adoita ser o sábado seguinte á Maruxaina, reúne na vila a milleiros de visitantes xunto cun bruxo vestido de palla encargado de pronunciar o esconxuro e escorrentar os malos espíritos coa máxica beberaxe.

Os últimos días de agosto, a contorna do río Landro, convértese en punto de encontro para milleiros de persoas que durante varios días gozan da **Romaría do Naseiro**. Neste lugar levántase un auténtico poboado con cabanas feitas ex profeso para desfrutar da festa.

Outro tipo de celebracións como son a **Festa dos Chóferes de Alfoz**, á que adoitan acudir centos de vehículos de todo tipo para recibir as bendicións dos párrocos. Esta cita será o 28, 29 e 30 de xullo; os tradicionais festexos do **Conde Santo de Lourenzán**, a última fin de semana de agosto, nas que destacan especialmente dúas tradicións, o pasacalles que todos os días realizan os xigantes e cabezudos, tamén chamados cocos, e a visita ao sepulcro do Conde Santo o domingo despois da misa. A **Mostra Folclórica Internacional de Viveiro** que posiciona a vila como un referente cultural durante a primeira fin de semana de agosto.

Tamén están as celebracións vinculadas á tradición cabalar, e que están declaradas tamén, son a **Rapa das Bestas de Candaoso** de Viveiro, o 2 de xullo, a de **Santo Tomé no Valadouro** a primeira fin de semana de agosto ou a do **Turismo Rural do Vicedo** nos prados do monte de Riobarba a mediados de xullo.

## TERRA CHÁ

A primeira do verán é a **Feira de Artesanía de Outeiro de Rei**, que se ce-

lebra a primeira fin de semana de xullo e que fai coincidir coas patronais, na honra a Santa Isabel. Concentra unha media de 90 postos e complétese con outras actividades como unha andaina solidaria, demostracións, exposicións, concursos, obradoiros, e un sen fin de actividades.

Guitiriz conta cunha gran actividade no verán. A cita principal é a **Feira da Cantería, Callos e Artesanía**, que se celebra a mediados de xullo en Parga. Tamén nesta localidade ten lugar outra cita de interese, para abrir agosto, o **Festival de Pardiñas**, que é Festa de Interese Turístico de Galicia. Xa a mediados deste mes, tamén se celebra na localidade dos Vilares a **Romaría Labrega da Chaira**, de exaltación do traballo no campo, na carballeira do Cancelo. Tamén destaca por celebrar a primeiros de xullo o **Festival de Cine de Música na localidade de Roca**, unha iniciativa que segue a medrar.

En **Rábade** as festas patronais son no mes de agosto, a mediados. Non son unhas festas ao uso xa que varias actividades son moi destacadas. As festas dan comezo cun festival folk (**Rabafolc**) e conta no programa coa Esbatuxada, o descenso do río Miño en embarcacións de fabricación caseira; o Subidón dos avós, a tradicional carreira de avós e netos, ou a descarga pirotécnica.

Polas mesmas datas son as festas de **Meira**, nas que unha extensa programación que conta con merendas, carreira e **Xira** campestre, remata coa tradicional **Malla**, que é Festa de Interese Turístico Galego, sempre cara finais do mes de agosto, cunha malla no centro da localidade con exposición de maquinaria antiga incluída. En Meira tamén se recuperou o **San Cristóbal**, que se celebra a mediados de xullo. Malla tamén hai nas mesmas datas en Castro de Rei e en Friol, esta última de recente creación grazas ao colectivo A Castronela. Nas dúas capitalidades as festas patronais son en xullo mentres que en **Castro Ribeiras de Lea** teñen lugar a primeiros de agosto.



En Pol a festa principal é o 24 de agosto, que se celebra a tradicional **Festa do Emigrante**, que ten como eixe principal un xantar de confraternidade.

En Abadín regresa o **Descenso de carrilanas**, que se recupera este ano tralo parón de tres anos pola pandemia ao que se engade o novo **Festival da Rumboia**, organizado pola asociación do mesmo nome.

Na Pastoriza, coa desaparición do Lugnasad, a festa de recreación celta, só queda unha cita no concello para o verán, o **Festival da Chaira**, no mes de xullo. En Begonte tamén o verán destínase ás festas parroquiais e destaca unicamente a **Festa da Empanada**, que se celebra no Club Fluvial despois do 15 de xullo. En Cospeito, queda como eixe da programación estival o **Festival Cultural Pozomouro**, que se celebra en agosto en Muimenta.

En Muras a gran cita deportiva do verán é o **Trail das Bestas**, que ten lugar o 16 de xullo.

As festas que pechan o calendario do verán son as de **Vilalba**, que contan cun programa moi amplo, no que destaca a **Xira**, que conta con dúas partes, a de maiores e a da mocidade. As festas dan comezo a finais de agosto e se alongan ata os primeiros días de setembro.

Na veciña localidade das Pontes, a principal cita serán as **Festas do Carme**, que se celebran xunto á tradicional **Romaxe da Fraga**. Os veciños acoden coas súas comidas á ribeira do río Eume festexando o Día de Santiago Apóstolo.

## LUGO

A capital perde protagonismo no verán. Pola contra, na súa comarca destaca a **Festa do Pemento de Mougán**, en Guntín, que se celebra na Carballeira de Meixaboi, na parroquia do mesmo nome. Nela pódese degustar este famoso pemento de forma gratuíta. Ten lugar a primeiros de agosto, antes da **Festa Artesanal de Ferreira de Pallares**.

En Castroverde as festas patronais son coincidindo co Santiago Apóstolo e rematan o mes coa **Feira do Cabalo**. Xa a finais de agosto celébrase tamén a **Feira da Artesanía e a Gastronomía**, con demostracións de oficios.

En Portomarín e O Corgo as festas e grandes citas non son no verán, pero neste último fíxose o último ano unha Feira de Ano en Gomeán, a mediados de agosto, e o Mercado de Oficios, centrado na artesanía a finais de mes.

## A ULLOA

En Monterroso, a finais do mes de xullo teñen lugar varias citas festivas na localidade. Comezan co **Concurso de tapas** e celebran tamén a **Festa Retro** e a **Festa da Xuventude**, en fins de semana consecutivos. Sobre a 15 de agosto tamén se celebra en

Monterroso a tradicional **Malla**. En Palas de Rei tamén hai **Festa da Xuventude** a mediados de xullo.

## A MONTAÑA

A Fonsagrada é unha das localidades onde se celebra o **San Cristóbal**, a festa dos chóferes a principios de xullo. Logo, a mediados de agosto ten lugar o **Mallinrí**, no Val de Piñeira, onde gozar dunha festa dedicada á malla tradicional, na que poderán deleitarse cunha agradable comida campestre.

En Baleira celebrouse o ano pasado a primeira **Degustación da Tenreira Suprema**, que tivo lugar como remate de xullo e que aínda non ten confirmada unha segunda edición.

En Baralla o verán conta con varias celebracións vinculadas á Vía Küning no mes de xullo, como o raid e a carreira. Tamén comezan o verán coa **Festa do Río**, a cargo do colectivo Airiños do Neira. Este mesmo grupo organiza un **Encuentro Cultural** a mediados de mes. Destaca en agosto a celebración do **San Vitorio**, festas que son famosas tamén polas súas verbenas, os bailes rexionais e unha romaría campestre.

O lugar de Piorno do municipio de Cervantes celebra en agosto unha nova edición da **Festa da Pandeira** na que o público desfruta coas actuacións das tocadoras.

Tamén na Montaña está previsto o **Festival Alto Navia**, en Negueira de Muíñiz, que terá lugar a final de xullo. O verán en Pedrafita do Cebreiro conta coa **Festa do Peregrino**, polas mesmas datas.

## SARRIA

Na comarca sarriá prevese a segunda edición da **Foliada de Láncara**, o 29 de xullo.

Sarria celebra, por outra parte, o seu décimo **DHU Vila de Sarria**, un descenso en bicicletas polas rúas da vila, onde os mellores corredores terán que saltar desde teitos de casas, esquivar obstáculos e chegar á meta no Chanto no menor tempo posible. Cambiando xa de concello, o día 12 de agosto terá lugar, a **Festa da Troita en Láncara**, un evento que



se programa todos os anos en datas próximas ao San Roque, ao que se lle dedican as festas patronais da Pobra de San Xiao. Durante esta Festa da Troita, establecementos hostaleiros de Láncara serven quilos de maneira gratuíta. A intención da festa é exaltar o produto tradicional da zona.

Ese mesmo día, o 12 de agosto, terá lugar a **Festa da Xuventude** en Vila-ragunte, Paradela, organizada pola Asociación de Veciños da parroquia. O 13 de agosto, Samos recuperará a súa **Feira de Produtos Artesanais**, que non se celebraba desde antes da pandemia, na que haberá actividades durante todo o día con postos de artesanía, degustación de produtos e actuacións musicais.

Xa o 19 de agosto, Láncara acollerá a **Festa da Xuventude** na praia fluvial da Pobra de San Xiao, como o ano pasado. Esta iniciativa estará, ademais, enmarcada nas **Festas de San Roque**, que darán comezo uns días antes e que acollerán actuacións musicais, a degustación da Troita de Río Neira, xuntanzas motociclistas ou carreiras de rolos.

## RIBEIRA SACRA

O primeiro evento da Ribeira Sacra será a **Feira Tradicional Outrora** en Bóveda, o 14 de xullo. Durante esta festa, veciños e visitantes poderán desfrutar de exhibicións con motosserra, obradoiros de artesanía fami-

liares, xogos tradicionais, degustacións de comida e moita música.

Ese mesmo día e os dous seguintes, é dicir, desde o 14 ata o 16 de xullo, celebrarase a edición **XLIX edición da Subida a Chantada**. Este evento é o Campionato de España de Montaña e faise en memoria de Manuel Varela González.

Un día despois, terá lugar o **Encuentro Nacional de Festas Tradicionais con Lume** en Castelo Taboada, no que se exporá a importancia destas festas do Lume en diferentes localidades de España.

Xa o 22 de xullo, Folgoso do Courel acollerá a súa **Festa da Cultura e a Tradición**, que contará con exposición de xogos tradicionais e postos de artesanía, pero a súa actividade máis importante é a **Baixada de Carrilanas**, na que poderán participar as persoas que queiran.

Con respecto a agosto, o primeiro evento será no concello de Quiroga, celebrará do 3 ao 6 de agosto as súas **Festas do Verán**, que rematarán o día 10 coa **Mostra do Mel**.

O Saviñao acollerá unha nova edición de **Música na Rúa** os días 4, 5 e 6 de agosto; nos cales os veciños e visitantes poderán desfrutar de varias actuacións musicais de grupos de música recoñecidos.

No concello de Monforte, pola súa parte, do vindeiro 4 ao 9 de agosto terá lugar a 23ª edición da **Feira de Artesanía Artelemos**, que contará

con moitos e variados postos de artesanía.

O domingo 6 de agosto, ademais, celebrarase o **Filandón de Músicas do Courel** en Folgoso, un evento de interese turístico, que acollerá actuacións de cantores brindeiros, coplas de cego e gaiteiros, entre outros.

Un día despois comezarán as **Festas Patronais de Monforte**, que durarán ata o 16 de agosto e contarán co grandes concertos, así como o **Festival Cómico Festivo A Rúa é Vosa**.

Pola súa parte, as **Festas na honra á Virxe dos Miragres** de Taboada durarán tres días, do 11 ao 14 de agosto, e acollerán, entre outras actividades musicais, culturais e turísticas.

En Sober, do venres 12 ao sábado 13, terá lugar a **Feira da Rosca**, na que haberá postos de gastronomía propia, como a rosca de pan, o mel ou outros produtos da Ribeira Sacra. Ademais, no marco desta iniciativa, desenvolverase o **Túnel do Viño de Amandi**, unha ocasión para saborear o sabor dun viño único, e a **Feira Avícola**.

Xa o xoves 17 comezará en Monforte o **Ciclo Monforte Fusión**, no que durante tres días haberá actuacións musicais con propostas diferentes, como pezas de música lixeira, jazz, tango, bolero, bossa nova, funky, soft rock ou o swing.

O sábado, día 19, terá lugar unha nova edición da **Festa Castrexa Romana Qui-Roma**, en Quiroga, na que haberá diferentes actividades para recordar o pasado romano e castrexo da zona con rutas de cabalos, desfiles, exposición de cetrería e recreación de loitas de gladiadores.

En Chantada, o mes de agosto termina con moitas e diferentes actividades, que terán lugar desde o 23 de agosto, coa **Mostra de teatro Maruxa Villanueva en Chantada**, ata o 29 de agosto, coa **Festa da Empanada**.

Concretamente, do 23 ao 27 agosto Chantada acollerá diferentes representacións teatrais no marco da Mostra; mentres que as Festas Patronais comezarán o 25 e acollerán o **Folión de Carros** o 26. Así, rematarán o 29.

O mesmo día, o 27 de agosto, pero en Quiroga, terá lugar a **Feira de Artesanía e Produtos Locais**.



# AO NOSO CARÓN

rábade

## “O obxectivo é intentar mellorar o noso pobo”

Remedios González Cabarcos é a nova alcaldesa de Rábade

**Con que obxectivos chega á Alcaldía?**

O obxectivo é intentar mellorar o noso pobo, que pensamos que está un pouco abandonado e dende hai uns anos a esta parte non se está traballando nel como se debería.

**Rompeu con moitos anos de Goberno do independente Francisco Montes. Cal foi o cambio que se produciu na sociedade de Rábade?**

Eu é a terceira vez que me presento e nas dúas anteriores xa gañamos pero non obtivemos a maioría necesaria, agora si a obtivemos, ademais folgadoamente. Entón eu penso que a xente xa se cansou de tanta promesa incumplida e deuse de conta de que Rábade necesitaba un cambio, e decidíu apostar por nós.

**Cales son os proxectos máis inmediatos?**

O primeiro proxecto, que é algo que nos pide todo o mundo, é limpeza no pobo porque está realmente que dá sensación de abandono do pouco limpo que está. Tamén unha das peticións que máis se repiten é contar con máis iluminación porque a verdade tamén está bastante mal. Como proxecto tamén está mellorar o que son os servizos básicos, aínda que iso será máis un proxecto a

longo prazo, ter auga de calidade e unha rede de saneamento nos sitios que non dispoñen dela. Pero sobre todo mellorar o alumeadado público e elaborar un plan de limpeza e de recollida de residuos acorde co pobo porque está moi abandonado. Outro proxecto que tamén temos en mente e que pensamos que é primordial e moi importante é o de facilitar a conciliación familiar, poder ter un centro de día, mellorar o servizo de axuda a domicilio e logo por suposto o servizo de madrugadores que non existe así como o servizo de permanencia polas tardes cando os nenos saen do colexio, para poder ter un sitio onde estar mentres as familias están traballando. Despois sempre está potenciar o deporte ou dinamismo comercial que hai que darlle un pulo para que saia un pouco cara adiante.

**Que necesidades ten Rábade agora mesmo?**

A mellora dos servizos básicos, facilitar a conciliación familiar que é totalmente inexistente e, a nivel cultural, crear unha biblioteca municipal e unha ludoteca, iso é o primordial que fai falta. En canto a infraestruturas temos a necesidade de sacar o tráfico pesado, os camións, que cir-

culan por un par de rúas e ocasionan moitos estragos nas vivendas, e polo tanto é necesario crear un acceso directo ao polígono industrial dende a Nacional VI. E por suposto o arranxo da avenida de Vilalba, que en todos estes anos non se fixo.

**Que plan hai para proxectos en marcha como a pasarela do tren, o Cine man, etc...?**

A pasarela é algo moi importante que tamén levamos no noso programa. Parece que saíu no Boletín Oficial do Estado e que está licitada. Nós imos seguir con este proxecto porque o pobo de Rábade está dividido en dous. A pasarela que hai ata agora é unha pasarela moi antiga que ten máis de cincuenta anos e está moi deteriorada, ademais nunca se arranxou o que fai que sexa incluso perigosa para as persoas maiores e de moi difícil acceso cun carriño de bebe. Polo tanto isto é algo primordial e imos a continuar co proxecto que hai, ao mellor a nós gustábanos máis outro proxecto pero ese é o que hai e imos a continuar con el. O Cine man é un proxecto que nos imos atopar aí, non sabemos si coa realidade da subvención europea. Evidentemente non o imos a rexeitar, pero para nós, xa antes, non era algo prioritario, víamos



que había moitas necesidades anteriores ao que é a compra do inmoble, o arranxo e a compra dunha parcela limítrofe. Agora que está imos intentar darlle unha saída, non sabemos se temos xa eses fondos europeos, ou hai que pedilos, teremos que esperar para saber que pasa.

**A nivel industrial cal é o principal plan de traballo?**

A nivel industrial o primeiro é comezar a facer o acceso directo ao polígono dende a nacional VI, para que os camións non teñan que pasar polas rúas do pobo. Ademais, un dos nosos obxectivos é intentar realizar a outra fase do polígono industrial porque nesta as parcelas xa están todas vendidas e tamén intentar potencia-lo un pouco máis.

O de Rábade é un dos polígonos industriais máis antigos da provincia

sendo tamén un dos primeiros e ten un gran volume de vehículos e de persoas, entón imos buscar que se inclúa Rábade como concello emprendedor para poder impulsar axudas de emprego e tamén para o emprendemento do comercio local. Así mesmo é importante potenciar o dinamismo comercial do pobo, de todos os negocios autónomos que hai na vila con algunha axuda se é necesario porque hai moitos que pecharon nos últimos tempos, gustaríanos poder axudar para que se volvan crear negocios novos con algunha axuda.

**Ten pensado xa o reparto de responsabilidades no novo goberno?**

De momento estamos traballando niso, o que si é case seguro é que eu vou estar ao cargo da parte de educación e cultura.

### EN BREVE

**BOLBORETAS.** A Asociación Custodia do Territorio comeza o día 8 as actividades de verán coa xornada sobre as Bolboretas das Insuas do Miño, da man do colectivo do BMS (Butterfly Monitoring Scheme), na Casa das Insuas. A actividade comeza ás 10.30 e as charlas decorrerán ata as 12.30. No resto da mañá percorrerase arredores da Casa das Insuas e farase o xantar na zona. Xa pola tarde, achegaranse ás Insuas do Miño para coñecer as súas bolboretas.

**PINTURA RÁPIDA.** O sábado 8 de xullo terá lugar o XV Certame de Pintura Rápida. As inscricións realízanse no propio edificio consistorial o mesmo sábado dende as 9.00h ata as 10.30h. O concurso está aberto a todos os artistas que desexen participar maiores de 18 anos, que comezarán coa pintura ás 9.00 horas e teñen de prazo ata as 17.00 horas. Só se admitirá unha obra por artista, que será libre de escoller a modalidade e estilo de pintura que desexe.

## Adif presenta o proxecto da nova pasarela e a supresión do paso a nivel

Adif construír unha nova pasarela peonil en Rábade e suprimirá o paso a nivel da rúa Xeral Arce, na liña ferroviaria de ancho convencional León-A Coruña. A actuación mellorará a accesibilidade peonil urbana e as condicións de seguridade no ámbito urbano, as circulacións ferroviarias e o tráfico rodado.

A nova plataforma elevada instalárase a 80 m da actual, que será demolida, e conectará a rúa Campo da Feira e a Praza de España coa estación de Adif de Rábade. A pasarela terá estrutura metálica, accesible mediante ascensor e escaleiras, e unha lonxitude de 27,6 m. Ademais, dotarase á zona dunha nova iluminación.

Coa supresión do paso a nivel da rúa Xeral Arce, o tráfico de vehículos e peóns realizarase polo paso a nivel

da Avenida de Vilalba. Así mesmo, implica a construción dunha rotonda no lado Sur da vía para facilitar o cambio de sentido de vehículos. No lado norte, ademais, realizaranse obras de acondicionamento do contorno -urbanización da zona, solados e muro de pedra-, na zona de acceso ao cemiterio de Rábade.

A actuación -licitada por máis de 717.000 euros- complétase coa instalación dun cerramento metálico e traballos para dar continuidade ás cunetas lonxitudinais de ambas as marxes da vía.

A clausura do paso a nivel conleva o desmantelamento de todos os seus elementos, a demolición de firme e a restitución da alíñación da liña ferroviaria, o desmonte da sinalización do paso a nivel e a disposición de



barreiras de contención en ambas as marxes do paso.

Estas accións contribúen á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 3 (Saúde e Benestar), 9 (Industria, Innovación e Infraestrutura) e 11 (Cidades e Comunidades Sostibles).

**BNG.** O cabeza de lista do BNG por Lugo ao Congreso, Daniel Castro, visitou a vila de Rábade, onde se

interesou pola situación das obras planificadas por ADIF. Daniel Castro afirmou que “vemos positivo que se eliminen os pasos a nivel, mais este tipo de actuacións teñen que realizarse garantindo as mellores condicións para a veciñanza da zona”.

O candidato do BNG anunciou que defenderá no Congreso que ADIF escoite as necesidades das veciñas e veciños de Rábade antes de proceder á execución das obras.



## Margarita Ledo gaña o premio Luís Porteiro Garea, que recae por primeira vez nunha muller

A profesora emérita da USC Margarita Ledo Andión converteuse na primeira muller en gañar o premio Luís Porteiro Garea á promoción e uso do galego na Universidade de Santiago de Compostela. O xurado composto polo vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación, Gumersindo Feijoo; as profesoras Marta Lopez Alonso, Rosa Crujeiras Casais e Rita Gradaille Pernas, en representacións das comisións de normalización lingüística de Lugo, Santiago de Compostela e Claustro Universitario, respectivamente; e mais o responsable do Servizo de Normalización Lingüística da USC, Manuel Núñez Singala, decidiu outorgar o galardón por unanimidade á que fora catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade polo seu compromiso "incuestionable coa lingua galega" e que "atravesa de parte a parte a súa traxectoria vital e profesional". A entrega do premio terá lugar o vindeiro 29 de setembro nun acto institucio-



nal que se desenvolverá no Paraninfo da USC.

"Como decana puxo en marcha unha Facultade de Ciencias da Comunicación que liderou dende os seus inicios ata a actualidade o primeiro posto en canto a horas de docencia en lingua galega, unha presenza que se mantén ano a ano por riba do noventa por cento", subliñou o xurado. Ademais, Margarita Ledo ten dirixido máis dunha ducia de teses de doutoramento, a inmensa maioría delas en lingua galega e moitas relacionadas con cuestións relativas á cultura e lingua de Galicia.

## O SLG pide axudas para afectados das treboadas

Os episodios de fortes treboadas con choiva e aparato eléctrico desatados nos últimos días están afectando de xeito directo á produción de alimentos no noso país, presentándose casos de graves perdas ao longo de todo o territorio e impactando en distintos sectores produtivos, segundo explica o Sindicato Labrego Galego.

Polo tanto, o colectivo solicita á Consellaría do Medio Rural que proceda a realizar unha valoración de danos nos cultivos e nas granxas, así como a apertura dunha liña específica de axudas, a fin de contar cun estudo de danos e proceder á indemnización ás granxas por estas perdas.

Como explican, na zona de Castro de Rei, por exemplo, as labregas e labregos están padecendo os efectos de practicamente dúas semanas con treboadas e fortes choivas, "contabilizándose importantes perdas no millo que estaba nacente e na herba que estaba lista para ensilar. Estas circunstancias redun-

darán en perdas para as granxas vinculadas ao aumento de custos de produción".

Do mesmo xeito, no sur do país, na provincia de Ourense producíronse estragos no centeo, así como o anegamento de producións de patacas e un aumento do mildiu, que tamén se está a constatar nas vides, presentando serias dificultades para o seu tratamento por mor da alta humidade combinada con temperaturas cálidas.

"Atopámonos con que neste mes de maio estamos tendo unha climatoloxía máis propia do mes de abril, batendo contra as colleitas xa avanzadas. Neste sentido, dende o SLG-CCLL reiteramos a pertinencia de que a Mesa da Seca activada pola Xunta incorpore tamén ás súas análises e medidas a realidade da mudanza climática", din.

Asemade, consideran imprescindible a creación dun espazo específico de análise, que permita anticiparse ás consecuencias desta alteración meteorolóxica.

## Abre o prazo para o programa de voluntariado do Castro de Viladonga

O Diario Oficial de Galicia fixo pública a convocatoria das axudas da Secretaría Xeral da Emigración para a participación no programa de lecer Conecta Voluntariado Galicia, que ofrece 20 prazas para que mozos e mozas galegas residentes no exterior de entre 21 e 30 anos poidan coñecer Galicia a través de actividades que se desenvolverán no campo de voluntariado do Castro de Viladonga, entre o 8 e o 19 de setembro.

Esta iniciativa ten como obxectivo promover os lazos con Galicia a través de actividades de colaboración desinteresada e voluntaria a través de traballos diversos na procura dun maior coñecemento da nosa cultura, da mellora ambiental da nosa contorna e da recuperación do patrimonio cultural. O plan do traballo complementase cun programa con actividades de convivencia. En total, ofértanse 20 prazas, distribuídas entre os diferentes países con maior presenza de colectividade galega. As e os interesados deberán presentar as súas solicitudes a través da sede electrónica da Xunta ou das entidades colaboradoras nos distintos países: as delegacións da Xunta en Bos Aires e Montevideo, a Peña Galega da Casa de España de Río de Xaneiro, a Sociedad Hispano Brasileira de Socorros Mútuos e Beneficiencia Rosalía de Castro en Santos, a Asociación Cultural Caballeros de Santiago en Salvador de Baía, a Federación de Sociedades Gallegas na Habana, a Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas e nos rexistros dos consulados de España. O prazo de presentación de solicitudes remata o próximo 24 de xullo.

## O gandeiro Manuel Sandamil, elixido presidente de Conafe



A Confederación de Asociacións de Frisoa Española (Conafe) celebrou a súa Asemblea Xeral na súa sede social de Madrid, durante a que se formalizou a renovación da súa Xunta de Goberno para un período de catro anos e pola que Manuel Sandamil (Fefriga) asumiu o cargo como novo presidente en substitución de Germán de la Vega (AFCA). Manuel Sandamil, propietario da gandería SAT A Vereda, en Castro de Rei, estará acompañado por José Emilio García Suarez (Ascolaf), que seguirá sendo vicepresidente da Confederación; José Antonio Hernández Martín (Fefricale), que

continúa como tesoureiro, e José María Miguel Porras (Africama), como interventor. Súmase como secretario Ángel García Hernández (Afridema), en substitución do propio Sandamil que ostentaba este cargo na anterior Xunta.

A nova Xunta de Goberno complétase cos vogais: Antonio García Ruiz (AFA), Jaime Olascoaga Enseñat (AFB), Germán de la Vega Delgado (AFCA), Andrés Planillo Torres (AFNA), Carlos Manuel Sánchez García (Africara), Jon Joseba Agirre Galdón (Efrife), Toni García (Fefric), e a directora xerente, Sofía Alday Martínez de Cestafe.

## A piscina, que abre ata setembro, ten abonos de tempada

A piscina de Castro de Rei abriu o 1 de xullo as súas portas e permanecerá en uso ata o día 3 do mes de setembro.

Como en anos anteriores o seu horario será de luns a domingo de 12.00 a 20.00 horas.

As entradas terán un custe de 2 euros para adultos (a partir de 18 anos); 1,50 para os que teñan

entre 12 e 18, e de 1 euro para o resto. Os menores de 3 anos non pagan.

Establécense tamén abonos de tempada, que terán un prezo de 40, 30 e 20 euros, respectivamente en cada unha das categorías. O abono por familias será de 60 euros, para pais e fillos menores de 15 anos.



**SE VENDE**  
**MOLINO - VIVIENDA**  
(En Sarria)  
**470.000 €**  
**IDEAL PARA**  
**VIVIENDA O NEGOCIO**




- Molino centenario en un entorno privilegiado
- A 10 minutos andando del centro urbano
- Espacio natural protegido
- 420 m<sup>2</sup> + 6.000 m<sup>2</sup> fincas

**¿BUSCA MONTAR UN NEGOCIO...? HABLEMOS**

Tlf: 604 020 280

## Agosto contará coa segunda edición do Mercado de Oficios

A Asociación de Veciños Os 5 Ríos, en colaboración co Concello do Corgo, convocaron para finais do mes de agosto unha segunda edición do Mercado de Oficios.

Esta cita, que se celebrou o ano pasado con grande éxito, tenta recuperar a tradición dos grandes mercados e feiras parroquiais, das que no Corgo, só quedan dúas representacións importantes, a de Gomeán e a de Adai. Este ano, o II Mercado de Oficios será os días 26 e 27 de agosto e segundo avanzaron desde a organización, haberá degustación de cordeiro á grella, exposición de maquinaria nova e usada, mostra de oficios e artesanais e actuacións musicais con máis sorpresas.

Polo momento, xa está aberto o prazo para inscribirse na feira, que pode facerse a través dos teléfonos 686 625 657, 670 833 909 e 648 063 894. Ademais, o domingo 9 de xullo, volve celebrarse o mercado mensual xunto á Cámara Agraria, tamén organizado pola asociación veciñal.

## Adxudicados 21 exemplares na última poxa de gando de Adai

O recinto gandeiro de Adai cumpriu coas mellores expectativas para a celebración do concurso e da poxa organizadas pola Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega, Acruga, nunha xornada na que se adxudicaron todos os animais e que finalizou cun prezo medio de máis de 2.600 euros. Antes de arrincar a poxa 58 criadores de toda Galicia, aínda que en especial da provincia de Lugo, retiraran a súa tarxeta o que demostraba o interese por facerse con algún dos exemplares que hoxe pasearon polo anel de poxas ante numeroso público.

A poxa abrírona os machos, tres propiedades de Acruga e o resto presentados por particulares, con prezos de saída que ían dos 2.000 aos 2.500 euros. Vendéronse todos, cun prezo medio de 2.685 euros, pero o que logrou maior cotización foi un exemplar da gandería de Manuel Antonio Fernández Rodríguez, vendido en 3.400 euros a un criador de Sarria.



A poxa de xatas preñadas abriuse cos exemplares do centro de recría da Granxa Gayoso Castro, dependente da Deputación de Lugo. Dada a calidade e a garantía destes animais sempre conseguen moi bos prezos, pero que as tres primeiras xatas superasen os 3.000 euros, chamou a atención de todos. Ademais das nove xatas de Acruga, presentáronse á poxa outros cinco exemplares

de particulares. Ao final, foi precisamente a primeira xata da mañá, chegada da granxa de Castro de Ribeiras de Lea, a que logrou a maior cotización con 3.100 euros, un prezo moi alto se se ten en conta que o de saída era de 2.000. Adxudicáronse todas elas, a maioría a gandeiros lucenses, pero tamén a criadores chegados da Coruña. O prezo medio destes animais foi de 2.610 euros.

## O Corgo iniciou as viaxes á praia, que serán todos os xoves

O Concello do Corgo iniciou as viaxes á praia, que se realizarán todos os xoves ata o día 31 de agosto variando o día de destino.

Hoxe o destino foi a praia das Américas, Nigrán, pero a próxima xornada será a Sanxenxo.

No que resta de mes irán a Foz, Ares (Ferrol) e Tapia de Casariego. Mentres que en agosto sucederanse as viaxes a Benquerencia, Covas en Viveiro, Cederia, San Ciprián e rematarán na de Riazor da Coruña.

Agás as dúas primeiras, saíran todas ás 9.00 horas desde a Cámara Agraria e as persoas que desexen viaxar deberán reservar no teléfono 618 723 269 ata o día anterior a cada viaxe. O prezo é de 6 euros para os empadroados no Corgo e 20 para os que non o están.

**CLUB DE LECTURA.** O Concello do Corgo, a través do proxecto Corgoal e a biblioteca do Palco organizou o primeiro club de lectura estival, unha participación libre e gratuita.

## outeiro de rei

### A carballeira de Santa Isabel celebra o Convivio o día 8

A Casa-Museo Manuel María, en colaboración coa Federación Galicia Cultura, organiza a décima edición do Convivio da Cultura Galega que se celebrará na carballeira de Santa Isabel en Outeiro de Rei o sábado, 8 de xullo.

O encontro dará comezo ás 11.15 coa acollida diante da Casa-Museo Manuel María de todas as persoas asistentes amenizados pola coaral Solfa, para saíren cara ao cemiterio parroquial de Outeiro, onde se fará unha ofrenda ao poeta chairego. De alí baixarase cara a paraxe natural de Santa Isabel onde se desenvolverá o resto do día que comezará cun concerto único, ás 12.30 horas, preparado para a ocasión, da Banda de Música Sons e Soños de Rábade, Begonte, Outeiro e Friol, que estará acompañada pola fadista galega Iria Estévez e o guitarrista portugués Artur Caldeira.

Pola tarde, e tras o xantar, levarase a cabo, desde as 16.30 horas, unha foliada na que participarán grupos de música tradicional como Os Parabéns, Tradivivas Agra, Birloque Gai-teiros, Vento Mareiro, Zurrumalla, Xurxo Souto & Richi Casás, Baleira e Tribo. A sesión estará dirixida polo propio Xurxo Souto.

## A cesteira Idoia Cuesta participará na Bienal de arte de Corea do Sur

A cesteira Idoia Cuesta, a ceramista Marta Armada e a artesá especializada en escultura téxtil Mercedes Vicente, que forman parte da marca Artesanía de Galicia, participarán na décimo terceira edición da Cheongju Craft Biennale, que se celebrará en Corea do Sur do 1 de setembro ao 15 de outubro, como parte da colección de artesanía española, impulsada por EOI Fundarte e na que participan outros 28 artesáns.

A Bienal de Artesanía de Cheongju comezou no ano 1999 como a primeira bienal de artesanía do mundo e hoxe en día está consolidada como un importante evento de artesanía contemporánea, un encontro que atrae a máis de 300.000 visitantes e que permitirá coñecer preto de 3.000 creadores de 60 países diferentes.

Na edición deste ano, España será o país convidado de honra e contará cun espazo expositivo de 730m<sup>2</sup>, no que se amosará a colección "Soul+Matter", comisariada por Rubén Torres. Trátase dunha



selección de máis de 150 pezas de 31 artesáns de todo o país, entre os que se atopan as tres representantes de Artesanía de Galicia.

A cesteira Idoia Cuesta (Outeiro de Rei, Lugo), Premio Artesanía de Galicia 2022 pola súa peza Abisal, que precisamente é a imaxe da colección española que participará na bienal, é unha referencia da artesanía contemporánea en España a través da actualización das técnicas da cestería e a súa aplicación a diferentes materiais como as fibras téxtils, o coiro ou a tanza de pesca.



## O BNG lamenta o cambio do servizo da piscina

O Concello de Outeiro de Rei chegou a un acordo con D10 para o uso da piscina exterior. Por tal motivo, estableceuse un bono familiar a prezo reducido do que poderán beneficiarse todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio; o bono poderá utilizarse ata finais de agosto. As persoas usuarias tamén teñen dereito ao uso dos vestiarios sendo o resto de instalacións de uso exclusivo dos socios do club.

O horario da piscina exterior é de 12.00 a 21.00 horas e para os empadroados terá un custe de 30 € bono familiar tempada de verán. Acompañantes de socio son 4.95 €/día – 19.95 €/semana.

Os bonos poderanse solicitar na Casa da Cultura presentando o DNI e

unha fotografía, ambos documentos de todas as persoas beneficiarias do bono e pagando o importe do mesmo.

**BNG.** "A falta de previsión por parte do Concello de Outeiro e os evidentes problemas económicos veñen a dar outro golpe ao servizo de piscina no verán que moitas xeracións de persoas de Outeiro viñamos disfrutando dende hai anos", explica o BNG municipal.

Para o BNG sería perfectamente compatible a posta en marcha das futuras piscinas e o mantemento do convenio de Bonxe, "pois Outeiro de Rei ten suficiente poboación e suficiente demanda para manter en funcionamento estas dúas piscinas".

## O centro social en construción levará o nome de Paco Pestana

O Concello de Castroverde acordou dedicarlle o novo centro social e multiusos que se está a construír a Paco Pestana, fillo predilecto da localidade que faleceu en outubro de 2021.

As obras están xa moi avanzadas e esperan poder rematar as obras antes do outono. O equipamento resultante do proxecto constará de dous edificios. Un deles será o existente actualmente, máis alto e con

dous andares. E o outro será un inmoble anexo, que terá planta baixa e con menos altura que o existente. Os dous estarán conectados. No interior habilitaranse locais para os colectivos do municipio, así como a biblioteca municipal e diferentes almacéns de apoio. Tamén se construírán novos aseos e un ascensor para comunicar os dous andares. Para a execución destas obras o presidente da Deputación, José

Tamén, asinou no Salón de Plenos de Castroverde co alcalde e deputado de Cooperación e Asistencia aos Concellos, Xosé María Arias Fernández, un convenio de colaboración a través do que o ente provincial achega ao Concello 307.500€ para acometer as obras, e, ademais, a institución asumiu previamente os máis de 17.500€ do coste da redacción do proxecto técnico.



## Estrea da área de autocaravanas

Castroverde vén de estrear a súa primeira área de autocaravanas, situada ao lado das piscinas municipais e da área recreativa da Veiga do Olmo. Esta nova instalación conta con todos os servizos necesarios, como son catro prazas de aparcamento reservadas, toma de auga, punto de descarga de contedor de lixo, puntos de luz, etc. A obra contou cun orzamento de 40.000 euros e está situada nun lugar de fácil acceso que ofrece ao visitante un lugar de esparcemento ao estar ao lado das piscinas e a área recreativa.



## Todo preparado para as Festas do Apóstolo e a Feira do Cabalo

Castroverde celebrará as súas festas do Santiago Apóstolo os próximos 22, 23, 24 e 25 de xullo e xa presentou o programa completo de actividades. Para o sábado 22 están previstos uns cantos de taberna sobre ás 20.00 horas coa participación de Trasdolomba, Toxo Queimado e Airiños do Neira. Pero antes, ás 17.30 terá lugar unha proba de orientación, *Orientbirring*, na praza do Concello. Rematarán a xornada coa actuación de Dj Adolfo Valiño tamén na praza do Concello.

O domingo 23 o cartaz musical estará presidido pola orquestra París de Noia, que estará acompañada polo grupo Fénix na verbena, quen tamén fará a sesión vermú das 14.00 horas. Pero o programa dará comezo esta xornada ás 13.00 coa misa solemne. Ademais hai xogos infantís na praza para os pequenos a partir das 17.00 horas e a Charanga BCB actuará ás 20.00 horas.

O luns está prevista a actuación das orquestras Miramar e Solara en sesión verbena ás 23.30 horas.



O último día das festas darán comezo tamén coa misa ás 13.30. horas, que contará con procesión ao final. O grupo Eurea será o encargado de facer a sesión vermú e de acompañar á noite á orquestra Panorama a partir das 23.30 horas. Ademais, ás 19.30 está prevista a actuación de Mekanika Rolling Band.

**FEIRA DO CABALO.** Castroverde celebra o 30 de xullo a súa tradicional Feira do Cabalo que abrirá ás 9.00

horas onde o mercado gandeiro acollerá, unha vez máis, unha espectacular mostra de gando equino.

Ás 11.00 horas arrancará o exame dos animais que se presentan aos distintos concursos, a cargo dos xuíces de Apreval quen tamén valorarán as medicións de animais para as carreiras, dende as 12.00 horas.

A mañá rematará en torno ás 13.30 horas e chegará o momento musical na sesión vermú coa artista Verónica Cambón. Non será ata ás 15.15 horas o comezo das carreiras de andadura. Nelas, cada xinete terá dereito a unha volta de recoñecemento. A organización advirte que será obrigatorio o uso de casco.

Para a participación nas carreiras é preciso inscribirse antes do 9 de xullo no teléfono 609 730 572. A xornada rematará coa entrega de premios ás 18.00 e festa con Verónica Cambón Nas carreiras de andadura, os primeiros recibirán 100 euros, o segundo clasificado 60, e o terceiro e cuarto, 40 e 20 euros. Ademais, se recoñecerá cun diploma ao quinto.



**RESIDENCIA.** Usuarios e persoal do Centro de Atención a Maiores (CAM) de Pol celebraron o cuarto aniversario da residencia. Entre as actividades organizadas, os residentes fixeron un bingo musical, talleres culinarios, unha cata sorpresa e unha formación de macetas coas familias. Gozaron da música e do baile coas Mulleres Rurais cunha saída á carballeira.

### O Partido Popular solicita a gravación dos plenos

O voceira do PP de Pol, Nicole Grueira, solicita ao alcalde que "comece a gravar as sesións plenas facéndooas públicas" como exercicio de transparencia. Deste xeito, "os veciños e veciñas poderán ver a realidade: o autoritarismo do rexedor socialista".

Grueira, que asistiu como concelleira ao primeiro pleno do mandato, sinalou que "a experiencia non foi boa: encontreime cunha situación moi peculiar". A popular indica que o alcalde "impediu que interviria deixándome sen posibilidade de explicarme. Esta falta non era necesaria".

"Estamos en pleno século XXI, pero con accións coma estas parece que nos quedamos nos séculos pasados, onde prevalecía o autoritarismo", manifesta. "Non se lle pode cortar a palabra a un concelleiro que, nos plenos, representa aos veciños e veciñas de Pol".

### Pol recibe de novo o servizo Coidados porta a porta

Pol recibirá os días 14, 17, 18 e 19 de xullo a visita da unidade móbil de Coidados porta a porta, a iniciativa financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation para achegar aos maiores de 55 anos as consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria.

O servizo estará situado na praza de Galicia de Mosteiro entre as 9.00 e as 20.00 horas.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, un servizo de podoloxía. Faise unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico [coidadosportaaporta.politicassocial@xunta.gal](mailto:coidadosportaaporta.politicassocial@xunta.gal).

## portomarín

## A vila acolleu un simulacro do Plan Especial de Incendios

A Xunta organizou un simulacro para reforzar a coordinación dos medios de emerxencias que interveñen no Plan Especial contra Incendios Forestais de Galicia.

O operativo respondeu a unha hipotética emerxencia derivada da concorrencia de dous lumes orixinalos nos distritos forestais VIII e IX, o primeiro procedente das proximidades de Vilariño, no municipio de Taboada, e o segundo da contorna de Recedendes, na parroquia de Sabadelle de Portomarín.

No simulacro participaron efectivos do Servizo de prevención de incendios forestais de Medio Rural, a Dirección Xeral de Emerxencias, a Axega, Policía Autonómica, Garda Civil, Subdelegación do Goberno, 061, Cruz Vermella, GES de Monterroso, o parque de bombeiros de Chantada, a agrupación de voluntarios de Protección Civil de Portomarín e a Federación Lucense de agrupacións de Protección Civil.

Este tipo de exercicios serven para testar a operatividade dos plans de prevención e defensa contra incendios de Galicia e mellorar a

resposta coordinada dos medios e os profesionais que actuarán ante unha emerxencia real nos montes da provincia.

En torno ás 10.00 horas da mañá recibíronse as alertas dos dous supostos lumes, contemplando nun primeiro momento a posibilidade de que se tratara do mesmo suceso debido á súa proximidade. Unha vez comprobado que hai dous puntos de ignición, mobilízanse os medios para atallalos, incluíndo helicópteros das brigadas helitransportadas de Marroxo (Monforte de Lemos) e Silleda.

As condicións meteorolóxicas determinan o rápido avance de ambos lumes, que acaban encontrándose preto dos núcleos de Rebordondo e Valcovo. O risco de que se produzan danos á poboación e a bens non forestais determina que se declare a situación operativa 2 sobre as 11.30 horas.

Dende ese momento, enfróntase un só incendio xestionado polo distrito IX e incorpóranse máis medios de extinción e sanitario dándose por controlado ás 13.00 horas.

## friol

## Santos reparte responsabilidades entre o seu equipo no Goberno

O pleno aprobou o nomeamento das funcións dos concelleiros que forman parte do Equipo de Goberno e traballarán no Concello de Friol durante o presente mandato.

O equipo de Goberno está formado por concelleiros que xa traballaron nos últimos catro anos como son Ángeles Buján, que repite como delegada da Alcaldía, e con máis peso no goberno, nomeándoa tamén delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Turismo e Sanidade, Santos eleva a Enrique Barreiro a Tenente de Alcalde, así como tamén exercerá como delegado de Emerxencias, Servizos Rurais, Traballo e Novas Tecnoloxías; Julio Cortiña López que repite como Delegado de Obras, Feiras e Mercados; Nuria Vázquez será a delegada de Economía e Facenda; como nova incorporación Felipe Barata que comeza a traballar no novo equipo de goberno exercerá como delegado de Deportes, Participación Cidadá e Mobilidade; Juan Carlos Casal que pasa a ser delegado de Urbanismo, Vivenda e Patrimonio. Pilar



López que exercerá como delegada de Educación, Infancia e Igualdade; Juan Varela será o novo delegado de Medio Rural e de Medio Ambiente e Nerea Campo Fariñas encargárase de ser delegada de Xuventude, Festas e Atención Cidadá.

Por tanto, o rexedor practicamente mantén o mesmo organigrama que tiña na anterior lexislatura, aumentando as novas delegacións, como son as de participación Cidadá e Mobilidade, tamén continúa coa delegación da Alcaldía que a ostentará Ángeles Buján que xunto con Enrique Barreiro coa primeira tenen-

cia de alcaldía convértese en dous piares fortes e importantes do novo Goberno de Santos.

O alcalde José A. Santos asegurou que “este equipo de Goberno é a mellor garantía de futuro para Friol, un grupo que traballará arreo e intensamente para cumprir os obxectivos que temos marcados na folla de ruta, para que Friol mellore e avance en todos os sectores que temos implantados, e sobre todo que os veciños e veciñas poidan desfrutar dunha mellor calidade de vida en este pobo e para seguir dando a coñecer ao noso municipio no exterior”.

## guntín

## O GDR convoca unha segunda xornada viaxeira en Guntín o 9 de setembro

O proxecto Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía xa ten segunda data na súa programación: o sábado 9 de setembro, en Guntín, que seguirá o mesmo esquema que a primeira de Friol: paseo guiado de 11h a 14h, picnic (haberá degustación de produtos locais) e música da comarca.

Este proxecto enmárcase nunha estratexia global do GDR-4, que xunto a Guido Álvarez Parga programan esta iniciativa que procurará poñer en valor as riquezas culturais, históricas, naturais, gastronómicas e artísticas de varios dos concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa: Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade.

As inscricións das actividades son gratuítas, a través do correo [info@comarcadelugo.gal](mailto:info@comarcadelugo.gal) ou do teléfono 982 23 80 00

Esta é a segunda data deste proxecto, a primeira terá lugar o sábado 29 de xullo en Friol ás 11:00h na Praza Andón Cebreiro.

## Abre a convocatoria do Premio de Investigación Condado de Pallares

Xa está en marcha o XVII Certame de Investigación Condado de Pallares, convocado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, co obxectivo de promover a investigación nos ámbitos da lingüística, a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, a etnografía e o folclore no territorio do antigo Condado de Pallares, entre os concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballedo.

As persoas interesadas en participar poden achegar os seus traballos, escritos orixinais e inéditos en lingua galega, ata o 29 de setembro, remitíndoos por correo certificado, baixo plica, á Casa Reitoral de Ferreira de Pallares, onde ten a súa sede a asociación. Establécese un único premio de 3.000 euros que se entregará nun acto en Chantada no mes de novembro. A obra gañadora será publicada.

O presidente da Asociación de Amigos do Mosteiro de Pallares, Carlos



Vázquez, sinalou na presentación a relevancia do certame, ao que “nos últimos anos se presentan traballos de persoas investigadoras non só do ámbito territorial do Condado de Pallares, senón tamén do resto de Galicia”. Tamén trasladou o seu agradecemento ás administracións e entidades colaboradoras – a Vicepresidencia da Deputación, Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, os concellos de Guntín, Taboada e Chantada, os GDR Miño Ulla e Comarca de Lugo e a Caixa Rural Galega.

## A CIG-Ensinu acusa “discriminación” do colexio local

A diferente atención educativa entre o alumnado dependendo da súa zona de residencia é unha realidade en todas as etapas educativas, coa evidencia dun medio rural claramente prexudicado na oferta educativa. Un estudo elaborado pola CIG-Ensinu detectou que até unha vintena de escolas unitarias están discriminadas ao carecer do profesorado especialista co que si conta o alumnado escolarizado en centros con máis unidades.

Hai 3 escolas da provincia de Lugo que non teñen docentes especialistas de Educación Física nin Música. Son as escolas Antía Cal Vázquez, As Nogais e Eduardo Cela na provincia de Lugo. Existen tamén outros 4 centros (Lousada, Ricardo Gasset, Uxío Novoneira e Samos) non contan con especialista de Música.

“Ao proceso de peche continuado durante a última década de escolas nas zonas rurais do país por parte do goberno do PP, únese un trato discriminatorio nestas unitarias, o que fai que se evidencie que as pretendidas políticas de defensa do rural da Xunta de Galicia son propaganda”, din.

## Hai nova edición dos campamentos de verán



O Concello de Friol opta por celebrar unha nova edición dos campamentos de verán, onde haberá unha gran parte da programación dedicada ao deporte con atletismo, teatro, movemento rítmico, deporte, piscina e xogos cooperativos.

A inscrición pode realizarse nas oficinas do Concello de Friol, ou tamén a través do correo electrónico [info@concellodefriol.es](mailto:info@concellodefriol.es). As prazas cubriranse por orde de inscrición, e terán preferencia os veciños e veciñas de Friol.

Esta actividade, que xa comezou, rematará o 31 de agosto. Realizarase en horario de mañá, dende as 10.00 ata as 14.00 horas para os participantes con idades entre os 4 e os 14 anos.

O prezo do campamento será de 60 euros ao mes para os veciños e de 40 para os irmáns. Para os de fóra o prezo sobe a 125 euros e 85 para irmáns.

# COLABORACIÓN

## Tarefas de verán, SI ou NON?

### O PUPITRE



Julio Díaz

**N**ada na vida é cuestión de Si ou Non, senón de matices. As tarefas de verán non son una excepción. Cando nun asunto están implicados moitos axentes, vólvese controvertido e non sempre coinciden as opinións. Iso pasa tamén coa realización das tarefas escolares no verán. Repercute nos rapaces, que son os que teñen que realizarlas; nos docentes, si son eles os que as asignan, e nos pais que son os que teñen que implicalos e supervisar que se realizan.

É moi fácil percibir ao remate do curso escolar o enorme cansanzo e o desgaste sufrido ao longo do mesmo. Sempre recordo a frase que un bo amigo me repite un día si e outro tamén, “non cres que sobrecargamos aos nosos rapaces de tarefas e de actividades, algún ten unha axenda máis apertada que a do presidente do goberno”; i é certo, por iso os rapaces no verán deben desconectar, facer outro tipo de actividades lúdicas e de ocio (artísticas, deportivas, culturais, musicais..), e neste mundo cada día máis individualizado e invadido polas “maquinitas” deben aproveitar para relacionarse con outros iguais, visitar amigos e familiares, xogar, saltar, brincar... completar en si o seu desenrolo

persoal, cousa arto difícil durante o curso escolar.

Os nosos rapaces, ao igual cos adultos, precisan de tempo libre e facer de cando en vez un “Kit-Kat” de todo o que supón o traballo realizado ao longo dos interminables cursos escolares.

Cando dan comezo as vacacións o que máis desexan “e deixar a rutina do día a día, as tarefas escolares, o traballo e actividades que ocupan milimetricamente o seu quefacer diario durante moitos e moitos meses, como se de un autómatas se tratase, e por iso debemos compensalos. Dito isto, aproveitar para remarcar que tampouco supón que non se poida avanzar ou reforzar coñecementos, xa que existen diferentes

maneiras de aprender, aproveitando actividades ao aire libre, realizando tarefas domésticas, en servizos comunitarios, en compartir tempo en familia, en viaxes, excursións... Atopar o equilibrio entre realizar algunha tarefa no verán e descansar é o fundamental para acadar un desenrolo saudable dos nosos rapaces. É crucial recoñecer a importancia do tempo libre e do descanso para o seu benestar xeral.

As nenas e os nenos, ao igual que nosoutros, precisan descanso, desconectar das rutinas do curso e divertirse. As vacacións de verán son para os adultos unha etapa de desconexión e deben selo tamén para os seus fillos. Imaxinades por un intre, que cando collas as túas

vacacións o teu xefe che diga: “oe fulanito, para non desconectar de todo imos adicar un par de horas, polas mañás, para poñernos ao día da marcha da empresa e así non perdes hábitos de traballo, de 10H a 12H facemos unha “vídeo” e estamos ao tanto de todo”. Gustaríache? Pois a eles tampouco. Dito todo isto, e sabendo que teñen todo o tempo do mundo por diante, non deben tampouco estar aparcados todo o día co móbil, a tablet ou a videoconsola. O verán ten que servir tamén para desentoxicarse un pouquiño dos dispositivos electrónicos e interactuar cos seus, cos amigos, voltando ao contacto humano tan necesario neste mundo individualista no que nos toca vivir.

## Iniciativas a ter en conta

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**C**ando pensamos no agro galego, existen imaxes e estereotipos cos que xeralmente se identifica. Por un lado, a gandeiría, na que maioritariamente temos as granxas de vacún de leite e aquelas destinadas á produción de carne. Somos o país do millón de vacas, ou iso din. Xusto é recoñecer a importancia doutras variedades como a porcina e ovina, así como a avícola. Se pensamos na agricultura, na nosa bisbarra por suposto que está o millo destinado á alimentación dese gando, ou a patata para o consumo humano. Tamén ten importancia a remolacha e os produtos de horta. Noutras latitudes de Galicia, os cultivos baixo invernadoiro, desde kiwis ata flores, supoñen un pulo considerable nas economías das zonas onde se traballan, sen esquecer o

viño, claro está. Asemade, no noso campo cómpre referirnos ao sector forestal. Digamos que, sobre todo, no entorno máis próximo, sota, cabalo e rei. E poucas máis cartas enriba da mesa. Pero por descontado, o rural de Galicia acredita doutras alternativas que ata o de agora foron minoritarias, pero que semellan cribles e con posibilidades de éxito. Aquí a un véñenlle en mente as granxas de visóns, por exemplo, ou outras máis exóticas como as de avestruces ou caracois. En cultivos, en localizacións moi concretas do País, temos na produción de aceite e de cereixas e outras froitas uns exemplos destacados, aínda que algún que outro ano os caprichos climatolóxicos xoguen malas pasadas. E aquí na Chaira, nos últimos anos, estamos vendo como se introdución fórmulas intensivas como o cultivo de amorodos, arandeiras e ata as moras que saen nas silvas dos camiños, os froitos vermellos como se lles denomina, os berries, os cales ocupan ducias

de hectáreas en municipios como Cospeito e Begonte. Un pequeno apunte, non entramos neste artigo no perfil dos traballadores que se contratan, de onde son as empresas e os seus promotores e outras circunstancias que rodean esta fórmula de produción, non exenta de certas polémicas. Pero tocará analízalo noutra ocasión. E tamén sen saír do noso territorio, asistimos a iniciativas moi a ter en conta, como é o altramuz, unha planta que un debe recoñecer que na súa vida oír falar dela. Pero si, tamén se está a cultivar aquí e ten destinos diversos, xa que se pode utilizar para consumo humano, como aperitivo, bebidas e batidos, así como na alimentación animal. A súa rendibilidade estímase nuns cinco centos euros por hectárea sementada, polo que pode ser unha alternativa a considerar nas nosas agras. Son este tipo de emprendementos no mundo rural galego que visualizan un futuro algo máis prometedor có actual. Sen desmerecer a gandería e agricul-

### O RECUNCHO DE CANELINA



tura típicas do lugar, ás que non se poden deixar de lado, deberíamos plantexarnos este tipo de opcións, así como outras máis que poden xerar unha riqueza engadida aos propietarios, diversificando o sector primario, o que contribuiría

a dinamizar os nosos concellos. Abofé que aumentaría o atractivo para os que xa viven directamente do campo e para outros que poden ver un complemento ás súas economías como segunda actividade.

# DEPORTES

## Premios de final de tempada

As copas Deputación da base foron para Piringalla, Residencia e Polvorín

Nas finais das categorías xuvenil e cadete da Copa Deputación houbo premio para dous equipos da capital da provincia. O Piringalla venceu na categoría xuvenil ao Pontenova nun duelo celebrado no Municipal de Pol que estivo dominado polos locais aínda que o partido rematou sen goles polo que o título tivo que dirimirse desde os 11 metros.

O Pontenova sumou dous fallos, o que lle deu a vitoria ao equipo lugués, que se levaba un premio de consolación logo de quedar ás portas do ascenso no tramo final da liga. O rival tamén fixo unha gran tempada xa que logrou o ascenso a Primeira provincial este ano.

Na cadete a vitoria foi para o Residencia, nun duelo totalmente lugués, disputado contra o Polvorín no Rodríguez Lago das Gándaras. O partido, que comezou igualado, cambiou o seu curso coa lesión do xogador amarelo, que tivo que ser atendido no céspede. Os ánimos baixaron para o Polvorín e o Residencia aproveitou para irse no marcador para rematar 0-3.

O Residencia completa así unha gran tempada, na que logrou o ascenso á Galega tamén cunha goleada de 5-0

ante o Vilalbés. Xa rematara tamén a fase regular como campión de grupo sen coñecer a derrota en 20 partidos. O rival, que tamén estaba no mesmo grupo, foi quinto na xeral.

**POLVORÍN.** O equipo infantil do Polvorín fíxose coa Copa Deputación da categoría logo de vencer no derradeiro partido da competición ao Casás por 3-0.

Os amarelos foron contundentes nesta sesión final e antes da pausa xa tiñan os dous primeiros goles no peto. Non tardaron moito ao regreso de facer o terceiro, resultado co que se chegou ao final.

O equipo lugués remata así unha gran tempada, xa que tamén logrou o título de campión de liga e o ascenso á Liga Galega. Na liga, o equipo amarelo tamén venceu con tres goles, pero nesa ocasión ante o Piringalla, co que o tivo máis difícil (3-2 foi o resultado). Tamén, na fase de grupos, o Polvorín rematou como campión do Norte coa totalidade dos puntos posibles, xa que só fixo que gañar con 90 puntos en 30 partidos. O seu rival na Copa, o Casás, tamén estivo no mesmo grupo na Liga e rematou no medio da táboa.

**FRIOL B.** O Friol B vén de completar unha gran tempada co ascenso á Primeira División Galega, que quedaba sen representación da provincia polo ascenso do Lugo e o descenso do Antas.

O conxunto friolés, que rematou campión do seu grupo de Segunda División, iniciou o proceso de ascenso a mediados do mes de maio e logo de dúas eliminatorias disputou a final a dobre partido co Touro, equipo co que compartiu grupo.

No primeiro duelo quedaron empatados a cero pero no segundo o Friol B logrou un único gol que foi suficiente para poder firmar o ascenso.

O Friol B disputou unha magnífica tempada no grupo 3, co resto de equipos da provincia. Rematou primeiro con 11 puntos de vantaxe e 22 vitorias de 26 partidos. Só perdeu en dúas ocasións, xusto ao inicio da segunda volta e no penúltimo partido. Tamén os empates foron na segunda parte da tempada xa que na primeira só fixo que gañar.

O equipo B pon a boa nova para o club, que rexistrou o descenso do primeiro equipo tamén esta tempada.



## Anthony Polite e Sisko fichan polo Río Breogán

O Río Breogán confirmou a ficha de Anthoy Polite, o exterior de 1,98 e 25 anos procede do Hamburgo alemán.

O CB Breogán e Anthony Polite chegaron a un acordo para que forme parte do equipo celeste durante a tempada 2023-24.

Segundo explica o club Polite é un xogador con bo físico e envergadura, moi completo, capaz de achegar en reporte, defensa e anotación. A súa polivalencia permítelle ocupar posicións de escolta e beirado indistintamente. No seu primeiro ano en Europa debutou en Euroliga no Asvel, posteriormente xogou en Hamburgo onde destacou en Liga Alemá e Eurocup promediando 15,6 puntos e 5 rebotes en oito partidos de competición europea e 13,2 puntos e 5,2 en Liga alemá.

Nacido en Lugano, Suíza, o 25 de xuño de 1997, formouse en Estados Unidos en Saint Andrew's School e Florida State (NCAA).



Ademais, Río Breogán e o base internacional esloveno Zan Mark Sisko (Liubliana, Eslovenia, 29 de xuño de 1997) chegaron a un acordo para que o xogador forme parte do persoal celeste na tempada 2023/24. Sisko é un base director de 1,91m. con bo físico, talento e gran capacidade de pase que conta con experiencia en Euroliga onde xogou co Bayern as tres últimas tempadas. Tamén renovará Sergi García.

## O equipo cadete do Club Ribeira FS é o vixente Campión de España

Os xogadores cadetes do Ribeira FS completaron unha gran tempada facéndose co título de campións de España Clubs Futsal tras enfrontarse contra o FS Barcelona en Móstoles.

Durante o encontro, os de Lugo meteron seis goles, mentres que os de Barcelona apuntaron cinco, o que deu a vitoria definitiva desta competición nun apertadísimo e moi emocionante encontro.

Este duelo tivo lugar no Pavillón Municipal Villafontana despois de que o día anterior gañaran contra El Pozo Murcia cun 2-3 no mesmo campo de Móstoles.

Este título súmase ao de campión de liga na División de Honra Cadete, que arrebataron ao Burela no último partido da competición regular.

**CASTRO FSF.** O equipo cadete do Castro feminino fíxose co título de campión de Copa logo de vencer ao Poio por 4-3 en Bueu cumprindo así un dos obxectivos xa que se lle escapou o título de Liga, compe-



titación da que quedou fóra en semifinais na quenda de penaltis. Foi un partido durísimo para as chairegas, que foron as encargadas de

abrir o marcador pero logo as cousas puxéronse difíciles. Aínda que volveron poñerse por detrás, levantaron o resultado no final.

# “Estamos moi contentas e aínda asimilando este ascenso”

Yanire Reimóndez, capitana do CD Lugo feminino, que sobe de categoría

O CD Lugo Feminino conseguiu esta tempada un ascenso histórico a Primeira Nacional tras unha final moi igualada que se resolveu na quenda de penaltis. Así mesmo, o equipo fíxose co título de Campión de Copa logo de vencer por goleada ao Antas.

O CD Lugo suma este título a unha gran tempada na que logrou o ascenso de categoría, a Primeira Nacional, logo de quedar na terceira posición na fase de liga regular.

O equipo que dirixe Joaquín Blanco enfrontouse por segunda vez ao Antas na fase final da Copa eolveu gañar. Nesta ocasión, venceron por 5-0 cunha gran contundencia. Ademais, María Valcárcel foi a máis goleadora da competición sumando un total de nove tantos.

**Como foron as sensacións ao longo da tempada?**

A tempada fíxosenos a todas un pouco longa, pero ao final, conseguimos o obxectivo principal. Eramos un total de dezaseis equipos e

xogamos en liga regular uns trinta partidos con moi poucos descansos, só tivemos catro paróns en toda a tempada polo que foi todo moi seguido, e longo. Pero mereceu a pena, estamos moi contentas e aínda asimilando este ascenso.

**Como foi o partido de ascenso?**

Nós xa sabíamos que ía ser moi igualado e así foi, viñamos co resultado en contra pero todas moi convencidas de que xogando ao que nós sabemos conseguiríamos darlle a volta. Ao final, entre nós, que sabemos ao que xogamos, e a afección, que axudou moito, conseguimos remontar o partido, a eliminatoria e levalo aos penaltis, que son unha lotería e ao final estivo a sorte do noso lado, que tamén nos facía algo de falta despois de toda a tempada.

**Cales cre que son os puntos fortes deste equipo?**

A unión que temos, este ano penso que grazas a que somos un equipo moi unido houbo partidos que gañamos por ser todas

unha, por ser a familia que somos. Temos moi bo ambiente no vestiario, eu levo desde os seis anos xogando ao fútbol e este foi dos mellores anos, cun dos mellores ambientes. É un grupo espectacular, somos un grupo cun amplo rango de idade, dende os 14 anos ata os 27 e non temos diferenzas, levámonos todas moi ben.

**De cara ao ano que vén, que implicacións ten este ascenso a nivel deportivo?**

Pasamos a unha liga máis complicada, a de este ano non foi fácil tampouco, pero en nacional xa hai equipos como o filial do Depor cunha estrutura moito máis grande e vai ser unha liga difícil. Pero vai ser un ano tamén para desfrutar e para ir vendo como se vai dando, porque non coñecemos aos rivais, o importante vai ser manterse e se se pode chegar a algún obxectivo máis pois benvido sexa.

**Para vostede a nivel persoal?**

É a primeira vez que vivo un ascenso, foi moi ilusionante e máis co



grupo que temos. O máximo non é pero para min xa foi moito, se podemos ascender máis anos pois ata onde se chegue.

**De cara ao ano que vén vaise manter o grupo?**

Iso xa non vai depender de nós, pero a nosa intención é seguir todas e que veña máis xente porque somos pouquiñas, somos un equipo de 18 fichas e dúas están lesionadas de gravidade. Para o ano, baixo o meu punto de vista, deberíamos ser unha plantilla de 20 ou 21 xogadoras para non pasar os apuros deste ano.

**Como cre que é de importante este tipo de resultados para o fútbol feminino lucense?**

Favorecen a visibilización do fútbol feminino, o ascenso, a publicidade que se lle dea, seguramente haxa nenas que non sabían que existíamos e que descubriron o Lugo fe-

minino. E tamén non é o mesmo levar o nome de Lugo a nivel de provincia e autonomía que a nivel nacional, si que é verdade que non imos recorrer toda España pero ó final vas por moitos sitios fóra da comunidade.

**Que tal a afección?**

Normalmente a nosa afección son os nosos pais, amigos e algún familiar máis, pero no partido de ascenso había moitísima xente, eu non lembro un partido no que eu xogara con tanta xente na grada. Cando xogamos en Bergantiños tamén había moita xente, pero era a súa afección. Aquí conseguimos que viñera xente de Lugo que ao mellor nunca nos vira xogar, que estivo animándonos e iso foi xenial. Eu estou segura que algún dos que estiveron no partido do ascenso lle picou o gusanillo de vernos outra vez e volverán.

## Munitis, novo adestrador do CD Lugo e David Peláez, director deportivo

Pedro Munitis xa pisa o Anxo Carro como novo adestrador do CD Lugo. Acompañado polo presidente da entidade deportiva, Tino Saqués, e polo responsable de dirección deportiva, David Peláez, o preparador cántabro avanzou as liñas mestras dun proxecto que xa arrinca, coa máxima ambición e ilusión posibles. Tino Saqués avanzou que a chegada de Pedro Munitis vai ligada ao proxecto de retornar ao fútbol profesional. “Sabemos que foi un xogador diferente, e ese comportamento metódico e de traballo trasladado aos seus equipos. Conseguiu bos resultados en moitas etapas, e todo se debe á súa metodoloxía, experiencia e capacidade”, dixo.

Saqués avanzou que o obxectivo é “conformar unha familia, e que o equipo se comporte como tal” e tamén asegurou que non foi a primeira vez que faláron. “Noutras situacións, quizá, non era o momento. É unha persoa que vai con todo, e que se involucra ao máximo. Vimos ilusión no seu rostro, estaba convencido do que podemos facer”.

Indicou tamén que outros equipos de enorme traxectoria, con pasado en Primeira División, estaban moi interesados nel. “A confianza no proxecto foi clave para a chegada”



Pedro Munitis explicou a súa chegada ao club. “Estamos moi ilusionados, cremos que era o momento de chegar. Vímonos varias veces, e nesta ocasión sentimos que todo encaixaba. Este encontro foi diferente, coincidiamos na maneira de entender o equipo e a súa liña”.

Sobre o proxecto que ten entre mans afirmou que “sabemos que é unha situación difícil, o feito de chegar tras un descenso. Sabemos a dificultade que ten, pero temos experiencia neste sentido, e estamos seguros do que podemos facer. Creo no traballo en equipo. Estamos a traballar co club, conxuntamente, na confección de persoal. Hai que valorar os tempos do mercado, sabemos que hai situacións que necesitan de paciencia”.



**DIRECTOR DEPORTIVO.** Será finalmente David Peláez o que ocupe o banco de director deportivo da entidade luguesa logo de que Miguel de Hita se retirase debido á imposibilidade de rescindir o seu contrato co Linares.

Deste modo, o novo director deportivo será o granadino, que chega a ocupar unha praza que leva baleira catro meses despois da dimisión de Carlos Pita no mes de xaneiro.

O novo director deportivo do Lugo leva vinculado ao club granadino desde 2010, equipo ao que chegou con 19 anos e leva medrando na xestión desde aquelas, especialmente como descubridor de talentos. O obxectivo principal de Peláez será devolver ao equipo principal á Segunda División.

## O prebenxamín do Porta Miñá gaña a Copa Galega



Os prebenxamíns e os benxamíns do Club de Natación Porta Miñá fixéronse coa Copa Galega.

Participaron os oito primeiros equipos galegos da Liga prebenxamín e o Porta Miñá fíxose co título de campión e demostrou o gran traballo que se fai nas categorías inferiores ademais de nas superiores. A segunda praza do ránking quedou en poder do Club Fluvial de Lugo.

O equipo benxamín tamén se fixo co trofeo de campión.

Ademais disputouse en Ourense o Trofeo Pedro Escudero no que a substitución mixta do Porta Miñá en 4x100 estilos asinado por Martín Vázquez, Sofía Mourenza, Inés Mourenza e Brais Novo bateu o récord Galego absoluto desa proba.

Celia López Freire conseguiu a mellor marca galega en 50 costas de 13 anos.

Todos resultados súmanse a unha gran tempada do CN Porta Miñá que o colocan como un auténtico referente da natación galega actual.

**INÉS MOURENZA.** A nadadora Inés Mourenza Rocha do Club Natación Porta Miñá de Lugo, que vén de conseguir a medalla de prata na distancia de 7500 mts da categoría Junior-1 no Campionato de España de Augas Abertas celebrado en Sevilla, formará parte da selección española.

A Federación Española publicou a convocatoria da seleccións de augas abertas, que competirá no Campionato de Europa, que se celebrará o 29 do setembro ao 1 de outubro en Corfú, Grecia.

Por primeira vez unha nadadora do club lugués formará parte dunha selección nacional e ademais faranno nun campionato europeo.

## DE RUTA EN RUTA

# Pedrafita: Ruta do Milagre

Conta cun total de 6,4 quilómetros de ida e volta, un percorrido de dificultade media para realizar en aproximadamente dúas horas

**A** Ruta do Milagre de Pedrafita do Cebreiro realiza o percorrido que segundo relata a Lenda do Milagre realizaba un dos protagonistas do milagre do Santo Graal do Cebreiro, Juan Santín. A lenda conta que no ano 1300 un crego da parroquia do Cebreiro daba misa nunha igrexa deserta a causa do forte temporal, sen embargo, un veciño do pobo de Barxamaior desafiando a tempestade achegouse ata a igrexa a recibir eucaristía. O crego desprezou o esforzo de Juan Santín "por un pouco de pan e de viño" e nese momento a hostia converteuse en carne e o viño en sangue.

Así esta ruta da comezo en Barxamaior onde se pode visitar a casa onde viviu Juan Santín e un gran castiñeiro centenario que segundo din plantou o protagonista da lenda. Ademais nesta pequena aldea poderemos tamén visitar a Capela dos Milagres.

Dende Barxamaior continuaremos o camiño ata Fontevedra, primeiro pola estrada para seguir despois por un camiño a man deita cando a estrada realiza un



cambio de sentido. No núcleo de Fontevedra poderemos observar construcións típicas do rural galego como hórreos de pedra que acostumaban a gardar a gra. Unha vez saímos do pobo continuaremos a ruta por un camiño de terra case paralelo a estrada Lu-633 que rematan unificándose antes de chegar ao Cebreiro.

Esta ruta remata no Cebreiro, unha pequena aldea situada a 1300 metros de altitude en pleno Camiño Francés. Esta aldea tradicional recuperada conta con diversos elementos patrimoniais de grande interese como o Conxunto Etnográfico do Cebreiro que foi declarado Conxunto Histórico Artístico en 1962 polo seu gran valor patrimonial e está constituído por catro pallozas, tres delas musealizadas e unha cuarta que se emprega como almacén.

Cunha superficie aproximada de trescentos metros cadrados este grupo de pallozas serve como recreación da vida na montaña lucense. A palloza é unha vivenda

adaptada ao medio, a súa peculiar configuración está relacionada coa adaptación ao clima e ao modelo económico da montaña.

Outro dos elementos patrimoniais que debemos visitar no Cebreiro é a igrexa de Santa María a Real do Cebreiro un santuario construído no século IX, e restaurada no ano 1962, que está considerada un dos monumentos máis antigos do Camiño Francés.

De estilo prerrománico conta cunha planta rectangular e cuberta a dúas augas con tellado de lousa. A igrexa posúe muros moi grosos e tres naves de dezaoito metros de lonxitude que están separadas por dous anchos piares a cada lado. As ábsidas son rectangulares e non teñen vans, algo que se explica polas difíciles condicións climáticas da zona. No interior da igrexa podemos atopar dúas capelas e destaca unha gran pila bautismal, do s. XVIII, na que se realizaba o bautismo por inmersión.

Tamén podemos apreciar unha figura da Virxe do Cebreiro, do sécu-



lo XII e un relicario que foi regalado polos Reis Católicos cando viaxaron a Galicia en 1486 onde se garda o Santo Graal e unha patena.

Durante todo o camiño poderemos desfrutar dunha paisaxe natural privilexiada, nunha zona de montaña con grandes vistas ademais

de ser unha ruta cun gran interese pola súa fauna e flora tanto nos puntos de comezo e remate como ao longo do seu percorrido. Ademais conta con puntos de interese etnolóxicos e artísticos para poder desfrutar dunha experiencia completa.

## DATOS



2 horas



6,4 quilómetros



Dificultade media



federópticos  
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2  
27001 - Lugo  
T. 982 24 56 17  
T. 609 27 52 76

